



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D^a. M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(152)- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 19 de febreiro e ordinaria do 21 de febreiro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(153).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN E IMPLANTACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 386/2202.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/02/19, que di o seguinte:

4.- Apertura económica (proposta de clasificación)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de febreiro de 2019 por exceder a súa proposición do orzamento base de licitación (cláusula 14.2.C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado)	99,25

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(154).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRA E SUBMINISTRO DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL EN BOUZAS. EXPTE. 11207/446.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/02/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ELSAMEX, S.A.	85,30
2	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	82,90
3	JARDINCELAS, S.L.	82,70
4	LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	68,69
5	BRICANTEL ESPAÑA, S.L	64,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(155).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVO XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11811/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou:

“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas



Concello de Vigo

deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Segundo.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou a modificación do citado contrato (expediente 8732-446) nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016.

Terceiro.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11 de novembro de 2016 (doc no 160152763), don Alfonso Clemente González, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS SA, solicita que á vista do punto 3.J das FEC, o Concello proceda a revisión do prezo deste contrato.

Cuarto.- O xefe de servizo de Parques e Xardíns, na data 7 de setembro de 2018, elabora a Memoria económica da revisión de prezos solicitada, sendo aprobada pola XGL en data 27 de setembro de 2018.

Quinto.- Con data 18 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno Local acordou unha nova modificación do contrato (expediente 9688-446) nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano.

Sexto.- En data 21 de febreiro de 2019 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que “producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por incremento de superficie en Áreas Deportivas-Ximnásticas, incremento de superficie en Áreas Biosaludables, incremento de superficie en Parques infantís, incremento de unidades de Bancos e incremento de unidades de Bebedeiros”. E en consecuencia, propón a modificación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LDCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e

114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á existencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros
- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato.



Concello de Vigo

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluíndo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola variación da superficie dos parques infantís e áreas biosaudables municipais obxecto deste contrato, orixinadas polas seguintes causas:

- Por ampliacións da superficie dos parques infantís e as áreas biosaudables existentes.
- Pola incorporación de novos parques infantís ou áreas biosaudables ao patrimonio municipal. Neste caso, téñense en conta tanto as xa recepcionadas, como as que neste intre están en fase de execución da obra.
- Por incremento de unidades de bebedeiros e de bancos.
- Pola detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 21 de febreiro de 2019, que se reproduce a continuación:

“Producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por:

1.- Incremento de superficie en Áreas Deportivas-Ximnásticas.

As áreas deportivas ximnásticas incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Área Deportiva ximnástica	Expediente	Acta comprobación de replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Pizarro	11555/446	21/12/2018	28/12/2018	300

2.- Incremento de superficie en Áreas Biosaludables.

As áreas biosaludables incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Área Biosaludable	Expediente	Acta comprobación de replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Saians	11628/446	20/12/2018	28/12/2018	200

3.- Incremento de superficie en Parques infantís.

Os parques infantís incrementáronse en número como consecuencia da execución de obras de formación de novas áreas. Os datos relacionados ca formación de esta area aparecen reflectidos no seguinte cadro

Parques Infantís	Expediente	Acta comprobación de replanteo	Acta de recepción	Superficie (m ²)
Camilo José Cela	4860/440	29/1/2018	31/3/2019	250

4.- Incremento de unidades de Bancos.

O incremento no número de bancos e como consecuencia da instalación de novos bancos. Os datos relacionados ca instalación das novas unidades aparecen reflectidos no seguinte cadro.

Bancos	Expediente	Unidades
	9329/446 e 8857/446	87



Concello de Vigo

5.- Incremento de unidades de Bebedeiros.

Bebedeiro	Expediente	Unidades
	9124/446	1

6.- Detracción de superficie en Área Biosaludable.

Se detrae parte da superficie (672,69 m²) da área biosaludable do Centro Cultural de Bembrive e se inclúe no mantemento das zonas verdes por considerarse mais adecuado.

Os prezos vixentes segundo acordo XGL de data 27/09/2018_son os que aparecen reflectidos a continuación:

Tipoloxías	Prezo unitario vixente/ano
Parques infantís (m ²)	6,21
Áreas biosaludables (m ²)	6,21
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	6,21
Bancos (unidades)	15,1
Bebedeiros (unidades)	8,67

Cadro de importes de mantemento por Tipoloxías e Áreas.

Tipoloxías	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
Área Biosaludable de Saians	200,00	6,21	103,50	1.242,00
Área Deportiva-Ximnástica de Pizarro	300,00	6,21	155,25	1.863,00
Área Biosaludable de Centro Cultural de Bembrive	672,69	6,21	-348,12	-4.177,40
P.I Camilo José Cela	250,00	6,21	129,37	1.552,50

Tipoloxías	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
Bebedeiro	1,00	8,67	,72	8,67
Bancos	87	15,10	109,47	1.313,7
Total Importe			202,99	2.435,89

O número de unidades de bancos obxecto de mantemento e reposición esta suxeito a unha modificación constante debido a incorporación de novas unidades, tal como se pode observar nas respectivas ampliacións de contrato:

Expediente	Data de inicio	N.º de Unidades de bancos
7524/446	10/04/2015	2153
8732/446	13/05/2016	2572
9688/446	18/12/2016	3081

Desde a última modificación, aproximadamente un mes, o número de unidades de bancos incrementouse en 87 unidades e no dende o inicio do contrato (45 meses) o número de bancos incrementouse en 928 unidades o que supón unha media de colocación de 20,6 Ud/mes, polo que para dar cobertura o mantemento desde o inicio da instalación e reducir os tempos de tramitación administrativa evitando as posibles incidencias derivadas da ausencia de mantemento considerase necesario ampliar o contrato en 52 unidades (20,6 Ud/mes x 2,5 meses) no tempo que resta de contrato. Estas unidades se irán incorporando o mantemento a medida que se van instalando e a súa certificación económica proporcional o tempo de conservación; todo esto sen prexuício de que existan outras modificacións antes da data de finalización do contrato.

En función destas unidades de previsión a modificación de contrato proposta e a seguinte:

Tipoloxias	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
Área Biosaludable de Saians	200,00	6,21	103,50	1.242,00
Área Deportiva-Ximnástica de Pizarro	300,00	6,21	155,25	1.863,00
Área Biosaludable de Centro Cultural	672,69	6,21	-348,12	-4.177,40



Concello de Vigo

Tipoloxías	Superficie (m ²)/unidades	Prezo Unitario(€/ano)	Importe mensual (€/ano)	Importe Anual (€/ano)
de Bembrive				
P.I Camilo José Cela	250,00	6,21	129,37	1.552,50
Bebedeiro	1,00	8,67	,72	8,67
Bancos	139	15,10	174,91	2098,9
Total Importe			215,64	2.587,67

Cadro resumo de custes anuais por tipoloxía

Tipoloxías	Custe económico anual
Parques infantís	1.552,50
Áreas biosaludables	-2.935,4
Áreas deportivas ximnásticas	1.863,00
Bancos	2.098,90
Bebedeiros	8,67
Total Importe Anual	2.587,67€

Polo tanto, o importe total da modificación é de 2.587,67 €/ano, e dicir, 215,64 €/mes. Considerando que a prestación se inicie o 16 de febreiro de 2019 o importe total nos 2,5 meses restantes ata a finalización do contrato é de 539,10€.

Con data 9/06/2016 empezouse a prestar a 1º modificación do contrato (expediente 8732/446) o que supoxo un incremento do custe de 89.305,41€ dos que 70.630,47 € estaban exentos de custe (5% do importe de adxudicación) e con data 17/12/2018 empezouse a prestar a 2º modificación do contrato (expediente 9688/446) o que supoxo un incremento do custe de 15.086,32 €, dos que 573,87€ corresponden o ano 2018 e 14.512,45 € o ano 2019, e que representa un 1,06% do prezo de adxudicación. Dado que o importe do contrato pódese incrementar ata o 10% do importe de adxudicación (141.260,95€) ó longo de todo o contrato restan por consumir 36.869,22 €.

En consecuencia una vez descontado o importe da 3º modificación restan por consumir 36.330,12€

Os importes económicos que se imputarán, durante os 2,5 meses de contrato, son:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	Do 16 de febreiro a 31 abril		
Total		539,10	0,04

O custe mensual do contrato unha vez aprobada a 3ª modificación será de **34.443,08 €/mes** como resultado de sumar o importe do contrato actual (34.227,44 €/mes) o importe da 3ª ampliación (215,64 €/mes).

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación”.

Podemos concluir, á vista deste informe que a modificación proposta obedece a incrementos e detraccións das superficies de parques infantís e áreas biosaudables, así como un incremento de unidades do mobiliario urbano obxecto deste contrato. A mesma esta comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP, implica un incremento do prezo do contrato de 539,10 euros, o que supón un 0,04 % do prezo do mesmo, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC, tendo en conta as anteriores modificacións producidas.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación é dun 1,32 % do prezo primitivo do contrato.



Concello de Vigo

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e as áreas biosaudables de nova creación ou cuxa superficie resultou incrementada, así como o incremento do mobiliario urbano. A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.I da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, a modificación supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 539,10 €.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 TRLCSP (artigo 219 TRLCSP).

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 21 de febreiro de 2019, que consistirán nun incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepcionadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e no incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaudables nos termos sinalados no citado informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 539,10 euros, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

Ano de aplicación	Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	Do 16 de febreiro a 31 abril		
Total		539,10	0,04

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- No suposto de que a formalización da modificación do contrato sexa posterior a data indicada no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, o importe da modificación sufrirá o desconto proporcional que corresponda.

4º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

5º.- Dar audiencia a Ferrovial Servicios, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(156).- PROCEDIMIENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPUESTO MUNICIPAL DE MANTENIMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA 2019 (PROGRAMA AUTOXESTIÓN 2019). EXPTE. 23080/332.

Visto o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta do 21/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería de Educación desenvolve o presente expediente para a xestión directa de fondos municipais no mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria (en adiante, Programa Autoxestión), correspondente ao ano 2019. O Programa Autoxestión é un sistema polo cal o Concello de Vigo entrega aos centros escolares unha parte da partida económica anual correspondente (3230 2120000 "Reparación e mantemento edificios colexios"), para que poidan acometer obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro, durante cada exercicio presupostario; no presente expediente, no periodo comprendido entre o 01/01/19 e o 31/12/19. Interesa recalcar, como concepto vertebrador deste programa, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar deben de fundamentarse no **MANTENIMENTO PREVENTIVO** dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Así, o mantemento e reparación dos colexios públicos realizarase do seguinte xeito:

A **UTSE** (Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación) **realizará as obras de mantemento e conservación de maior entidade, complexidade e contía económica, así como aquelas que podan afectar a elementos sensibles da edificación ou requiran dunha maior especialización no seu deseño e control.**

Os Consellos Escolares dos centros educativos **afrontarán o mantemento, conservación e reparación das súas instalacións mediante actuacións preventivas de pequena entidade co PROGRAMA AUTOXESTIÓN.** Nestas pequenas tarefas de mantemento tamén ten unha importancia destacada o traballo do persoal municipal adscrito ao Servizo de Educación que desenvolve as súas funcións nos centros educativos, os **VIXILANTES- PORTEIROS.**

Pode suceder que, ao longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto do Programa Autoxestión e non poda facer fronte ás actuacións de mantemento que lle

corresponderían; neste caso, xustificados todos os gastos, o Servizo municipal de Educación asumirá, ata o remate do ano, o mantemento que debería facer o Consello Escolar do centro correspondente.

Para unha mellor optimización dos recursos municipais destinados a estes fins, así como para clarear as competencias e procedementos das tarefas de conservación e mantemento diante dos equipos directivos dos centros públicos de ensino, a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo ten realizado unha **Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos**, que se achega no expediente, na que se presentan e centran convenientemente todos estes aspectos, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, polo que se aprobou o contido refundido e consolidado da “Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos” (expte. 16026/332).

Tendo en conta a situación orzamentaria, así como as indicacións da citada Guía con respecto aos traballos a desenvolver por cada unha das partes, redactouse, para o ano 2019, o correspondente **Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria para o ano 2019**, que se achega no presente expediente. Neste documento, en base ao indicado no baremo que figura na base SÉTIMA, estímase a cantidade que corresponde neste ano a cada centro público, reflectida no seu **Anexo I**. A contía global anual ascende a **296.020,00 euros** (para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o seu equivalente en euros).

No Anexo I indícase, pois, a distribución destes fondos entre os diferentes colexios de infantil e primaria de Vigo.

De resultados do establecido na base SEGUNDA do citado procedemento, haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2019 aos centros, e conforme ao establecido na base TERCEIRA do Programa Autoxestión, naqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2018), ese saldo detraeráse da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento para este ano conforme se reflecte no **Anexo II**, cun montante total de **292.506,11 euros** (DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS SEIS EUROS, CON ONCE CÉNTIMOS). Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2019 será a indicada no Anexo I inicial, pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2018 + financiamento 2019). Complementariamente, non houbo ningún centro público de educación infantil, primaria e especial que manifestara intención de deixar de participar no Programa Autoxestión 2019, polo que participan nel a súa totalidade que ascenden a un total de 51 centros educativos: 7 centros públicos de educación infantil de 2ª etapa (3-6 anos), 43 centros públicos de educación infantil e primaria (3-12 anos) e 1 centro público de educación especial.

No que respecta á xustificación do financiamento municipal do Programa de Autoxestión 2018 ou procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo para o ano 2018, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 15 de marzo de 2018 (expte. 21801/332); cómpre indicar que a base terceira deste



Concello de Vigo

procedemento determinaba que a xustificación do financiamento municipal que se librou a cada centro educativo, debe ser presentada polos equipos directivos achegando a relación de facturas que se imputan ao mantemento ordinario e preventivo e unha certificación do acordo do Consello Escolar de centro no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para liquidación.

Seguindo o procedemento indicado, os 51 centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo participantes no programa municipal de Autoxestión 2018, teñen presentado no Servizo de Educación a citada documentación xustificativa, a cal ten sido revisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), resultando o gasto e actuacións realizadas en mantemento, conservación e reparación das instalacións escolares, conforme ao obxecto e finalidade do programa de financiamento municipal "Autoxestión 2018". Esta documentación xustificativa atópase arquivada nas dependencias deste Servizo Municipal de Educación.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1) Aprobar o Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2019 (Programa Autoxestión 2019), que se achega no expediente.

2) Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2019, destinando para tal fin a cantidade de 292.506,11 euros (DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS SEIS EUROS, CON ONCE CÉNTIMOS), da partida 3230 2120000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(157).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E OS XIMNASIOS DAS TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/02/19 e o informe de fiscalización de data 21/02/19, dáse conta do informe-proposta de data

15/02/19, asinado polo director técnico de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 13 de maio de 2016 , acordou aprobar o expediente para a contratación dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos das Travesas e o Berbés.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de marzo de 2017 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo “ **adxudicar a Clece S.A. o procedemento aberto dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos das Travesas e o Berbés, expd. 14892-333, coas seguintes condicións.**”

–O prezo total do contrato para os servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 2.460.327,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 426.999,05 euros.

–Propón un prezo unitario total de monitor hora fixado non apartado 3F da FEC para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para o desenvolvemento dos programas deportivos de 20,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3,58 euros.

–Propón un incremento de 10.000,00 euros no importe anual destinado a substitución de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido non apartado n) da cláusula II.2 do prego de prescricións técnicas, distribuíndose este importe en 8.000,00 euros para melloras as instalacións de 2.000,00 euros para mellora de equipos.

–Propón un incremento de 2.000.000,00 euros o importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 14 da FEC.

–Con data de 23 de xuño de 2017 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este dun ano, e o inicio dende o 1 de xullo de 2017. Contemplándose tres prórrogas de catro meses cada unha como recolle o apartado 4. C da FEC.

A xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 28 de xuño acordou aprobar a primeira prórroga de 4 meses para a prestación “ dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos das Travesas e o Berbés a empresa “**Clece S.A. CIF: A-80364243**” dende o 1 de xullo ata o 31 de outubro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 11 de outubro de 2018 acordou aprobar a primeira segunda prórroga de 4 meses para a prestación “**dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos das Travesas e o Berbés a empresa “Clece S.A. CIF: A-80364243**” para o



Concello de Vigo

período de 1 de novembro a 28 de febreiro de de 2019.

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma , indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que “o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo periodo que se prevé no apartado 4.c da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O apartado 4. C da FEC contempla a prórroga. Tres prórrogas, de catro meses de duración cada unha.

A empresa que presta o servizo, “**Clece S.A. CIF: A-80364243**, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “**Clece S.A. CIF: A-80364243**” no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a:

Plan de mantemento e organización do servizo e o plan das actividades docentes desenvolvidas.

O prezo do contrato: atópase dentro dos prezos de mercado e tendo en conta o convenio colectivo de empresa para o contrato.

4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 3.369.487,84 euros IVE engadido, correspondendo 2.460.327,84 euros o funcionamento e mantemento das instalacións e 908.160,00 euros ós servizos técnicos deportivos e docentes a 20,64 euros/hora.

4.1 Prezo para o período da prórroga.

Atendendo a que a terceira prórroga é por 4 meses (1-03-2019 a 30-06-2019) distribúese o importe para o periodo cos seguintes importes: 1.193.993,56 ive engadido, correspondéndolle 820.109,24 euros ó funcionamento e mantemento das instalacións, e 373.884,32 € ós servizos técnicos deportivos e docentes.

5.-Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do presuposto vixente.

3420 2279902	SERVIZO PISINA TRAVESAS
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES

Posto que o prazo de execución da segunda prórroga do contrato remata o 28 de febreiro, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a terceira prórroga do contrato **“dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasios das Travesas e o Berbés”**.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. “En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, solicítase se proceda a tramitar a prórroga do contrato *“dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasios das Travesas e o Berbés”* polo período de 4 meses dende o 1 de novembro de 2018 ata 28 de febreiro de 2019, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 a empresa **Clece S.A. CIF: A-80364243** sendo o importe total do período da prórroga de 1.193.993,56



Concello de Vigo

euros con IVE, correspondéndolle 820.109,24 euros ó funcionamento e mantemento das instalacións, e 373.884,32 euros ós servizos técnicos deportivos e docentes.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Aprobar a 3ª prorroga de 4 meses para a prestación “dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos das Travesas e o Berbés a empresa “Clece S.A. CIF: A-80364243”.

Sendo o importe total do período da 3ª prorroga, 4 meses, de 1.193.993,56 euros con IVE, correspondéndolle 820.109,24 euros ó funcionamento e mantemento das instalacións, e 373.884,32 euros ós servizos técnicos deportivos e docentes, dende o 1 de marzo ata o 30 de xuño de 2019, con cargo as seguintes partidas orzamentarias do orzamento vixente e coa seguinte distribución.

Periodo (1-03-2019 a 30-06-2019)			
	SERVIZOS	mes	periodo
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	75.798,60 €	303.194,40 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	42.707,19 €	170.828,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	51.728,39 €	206.913,56 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	34.793,13 €	139.172,52 €
Total c/ive		205.027,31 €	820.109,24 €
	MONITORES	mes	periodo
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	9.012,96 €	36.051,82 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	9.529,03 €	38.116,12 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	29.475,67 €	117.902,66 €
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	20.405,65 €	81.622,58 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	15.474,55 €	61.898,20 €
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9.573,24 €	38.292,94 €
Total c/ive		93.471,08 €	373.884,32 €

TOTAL PRORROGA SERVICIOS E MONITORES PERIODO 1_03_2019 ó 30_06_2019	1.193.993,56 €
sen IVE	986.771,53 €
IVE 21%	207.222,03 €

Segundo: Notificar o presente acordo da 3ª prorroga a empresa “Clece S.A. CIF: A-80364243”, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das

administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(158).- PRÓRROGA EXCEPCIONAL DE ESTANCIA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CON NÚMERO E-638-C-7 POR UN PERÍODO MÁXIMO DE TRES MESES DE DURACIÓN. EXPTE 8268/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/02/19, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área que di o seguinte:

O día 16 de febreiro de 2018 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM), servizo exterior dependente da Concellería de Igualdade, emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. Y1365132G onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-7, co obxecto de que esta unidade familiar, a ocupase por un período de 6 meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 1/03/2018.

A dita estancia, a proposta dos servizos municipais de atención á muller, prorrógase por dous novos períodos de tres meses de duración cada un: Primeira prórroga de estancia do 2 de setembro ao 1 de decembro de 2018 (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.07.2018) e Segunda prórroga de estancia do 2 de decembro de 2018 ao 1 de marzo de 2019 (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.11.2018).



Concello de Vigo

Desde o día 2 de marzo de 2018 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada.

No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 21 de febreiro de 2019 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar excepcionalmente a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a tres meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención, polo que solicitan unha prórroga excepcional de tres meses de duración máximo na súa estancia.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga excepcional de estancia na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais con número E-638-C-7 por un período máximo de tres meses de duración atendendo ás circunstancias que obran no expediente 8268/224; transcorrido o período da estadía prorrogada, a unidade familiar deberá abandonar a vivenda”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(159).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS” DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2019. EXPTE. 14043/306.

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe de Medio Ambiente, a concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 15 de febreiro de 2019, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización e educación medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais 2019.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito percorridos medioambientais en espazos singulares e a carón da minería de Galicia, para un total de 1.350 participantes, que se desenvolveran nos meses de abril, maio e xuño de 2019. As

actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao mesmo, centradas nos entornos da minería que reflicten unhas características singulares dos hábitats (Baixo Miño, Vila de Cruces e as Serras do Xurés e dos Ancares).

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 27.555,00 euros (IVE engadido).

A organización municipal da actividade non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

- O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan no día, de xeito que chegarán 3 euros para desprazamentos de medio día e 7 euros para desprazamentos de día completo. Os menores de 12 anos chegarán a metade, 1,50 e 3,50 euros, respectivamente. O resto do custe será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.
- O transporte discrecional é asumido de xeito case completo polos usuarios nas rutas de Galicia de fin de semana, de xeito que chegarán 15 euros. No caso da Ribeira do Douro tamén se asumirá o custe case completo, ou sexa, 30 euros.
- O aloxamento e manutención en todas as rutas que procedan será por conta dos usuarios que o abonarán no establecemento de hostelería correspondente.

Concepto e custes unitarios	Número de usuarios	Prezo usuario por	TOTAL
Ingreso percorrido Baixo Miño medio día	190 adultos 10 nenos	3 1,50	570 15
Ingreso percorrido Vila de Cruces día completo	190 adultos 10 nenos	7 3,5	1.330 35
Ingreso percorrido Serra do Xurés día completo	190 adultos 10 nenos	7 3,5	1.330 35
Ingreso percorrido Ribeira do Douro fin de semana	50	30	1.500
Ingreso percorrido Serra do Xurés fin de semana	50	15	750
Ingreso percorrido Serra do Ancares fin de semana	50	15	750
INGRESO TOTAL			6.315 €
% de participación usuarios no custe total inicial: 6.315/27.555,00= 22,92%			



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para unha eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos nove anos, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao mesmo.

Nesta edición vanse traballar os entornos da minería que reflicten unhas características singulares dos hábitats (Baixo Miño, Vila de Cruces e Xurés). Tamén están previstas dúas saídas de fin de semana á Serra do Xurés e á Serra de Ancares, combinada cunha acción no entorno da ribeira do Douro, que contrasta coas anteriormente citadas.

Péchanse os percorridos medioambientais coa circulación nocturna por dous sendeiros locais en Vigo: Coruxo e Candeán, que aglutinan os contidos que dende Camiño a Camiño se están a desenvolver tanto en termos de hábitat como de coñecemento das parroquias de Vigo.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico. A cofinanciación da actividade polos participantes, co obxecto de cubrir os custes do transporte das actividades que se desenvolvan fóra do termo municipal de Vigo considérase, tamén, axustada a dereito nos

termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: “Percorridos Medioambientais” dentro do programa Camiño a Camiño 2019, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 18 de febreiro de 2019, que recolle oito percorridos medioambientais en espazos singulares e a carón da minería de Galicia, para un total de 1.350 participantes, que se desenvolveran nos meses de abril, maio e xuño de 2019.

O orzamento total da actividade ascende a 27.555,00 euros, cuxo gasto se aplicará á partida orzamentaria 1721.227.99.08 “Programa Camiño a Camiño” do orzamento en vigor.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional de 3 euros en desprazamentos de medio día (1,5 euros para menores de doce anos) e de 7 euros para desprazamentos de día completo (3,5 euros para menores de doce anos) nos desprazamentos por Vigo, de 15 euros para os desprazamentos nas rutas de Galicia e de 30 euros no caso da Ribeira do Douro, de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(160).- REVOGACIÓN DE SUBVENCIÓN E PERDA DO DEREITO AO COBRO DA “AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018” CONCEDIDA Á DAVID SANTIAGO LOJO RÍOS. EXPTE. 16133/77.

Visto o informe de fiscalización de data 19/02/19, dáse conta do informe-proposta do 04/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018.

ANTECEDENTES

Con data do 07.06.2018 e núm. de rexistro 180088128 David Lojo Ríos co DNI 36150232M presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas do ano 2018.

Con data do 27.07.2018 e núm. de rexistro 180123711, con data do 29.08.2018 e núm. de rexistro 180142447, con data do 18.09.2018 e núm. de rexistro 180150770, con data do 18.09.2018 e núm. de rexistro 180150770, con data do 10.10.2018 e núm. de rexistro 180164109 David Lojo Ríos co DNI 36150232M achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude (expte. 15384/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.10.2018, acordou concederlle unha axuda por importe de 40,96€.

Con data do 30.10.2018 e rexistro de saída número 35454 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.11.2018 e rexistro de saída número 41913 requíreselle para que nun prazo improrrogable de quince días xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e infórmaselle que a falla de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo á perda do dereito ao cobro desta subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións.

Con data do 09.01.2019 o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe concluíndo que *“Á vista do incumprimento do beneficiario das súas obrigas e a falta de xustificación da axuda concedida e, en consonancia co disposto na base 5ª, apartado 5 e base 8ª, apartado 1 da convocatoria, procede iniciar un expediente de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada.”*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2018 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, expediente 15162/77, establece:

na Base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento no seu apartado 5. *“As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao da súa notificación a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.*

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte documentación para a xustificación da subvención...”

“O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da notificación da concesión da correspondente axuda.”

– na Base 8.1 Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro *“ O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención da calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención,”*

“O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.”

- Perda do dereito ao cobro de subvencións:

Para proceder ao acordo da perda do dereito ao cobro da axuda concedida seguirase o procedemento regulado no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 16133/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 09.01.2019, ao inicio do procedemento para a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada mediante acordo, da sesión extraordinaria e urxente, da Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local do 30.10.2018 a prol de David Santiago Lojo Ríos en concepto de axuda municipal á creación de empresas 2018.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 09.01.2019, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade achegase as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (15.01.2019, segundo o acuse de recibo que obra no expediente) non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido o prazo outorgado.

Xa que logo, resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 16133/77, de xeito que:

A empresa incumpriu coas súas obrigas e non presentou a documentación requirida para a xustificación e pago da axuda concedida.

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

–ACORDO

PRIMEIRO.- Revogar a subvención outorgada por acordo de Xunta de Goberno Local do 30.10.2018 coa correspondente perda do dereito ao cobro da axuda á empresa David Santiago Lojo Ríos co NIF 36150232M (expte. 16133/77) polo incumprimento do beneficiario da subvención das súas obrigas e a falta de xustificación do proxecto ao abeiro do disposto na base 5ª, apartado 5 e a base 8.1, ademais da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(161).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA ACTUALIZACIÓN RETRIBUCIÓN DO PERSOAL CONTRATADO POLO CONCELLO DE VIGO, ACOLLIDO AO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2008” TÉCNICOS E XESTORES 2019. EXPTE. 16151/77.

Visto o informe de fiscalización de data 18/02/19, dáse conta do informe-proposta do 13/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. Con data 7 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a “Actualización das táboas de retribucións de técnicos e xestores do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007”, derivados da aplicación do Real Decreto-Ley 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece que no ano 2019 as retribucións do persoal ó servizo do sector público non poderán experimentar un incremento superior ó 2,25% (Expte.16151/77).

II. No en tanto, advertiuse un erro nos cálculos efectuados reflectidos na táboa de retribucións incorporada como Anexo I a dito acordo, ao tomar como referencia para o cálculo do incremento do 2,25% unha táboa de retribucións salariais que non estaba actualizada, xa que non incorporaba as actualizacións salariais co incremento do 1,75 % efectuadas no ano 2018.

Polo exposto, cómpre proceder á corrección do erro detectado en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común



Concello de Vigo

(LPAC) das Administracións Públicas, reflectindo as retribucións correspondentes a cada unha das categorías profesionais, cos importes dos salarios correctos en aplicación do incremento do 2,25%.

Esta modificación nas retribucións salariais do persoal técnico, supón un incremento do orzamento de 13.774,34 € en lugar dos 5.334,21 € fiscalizado inicialmente, tal e como aparece reflectido na táboa que se incorpora como Anexo I, conforme ao seguinte desglose:

- **OE FORMAWEB II:**

- **1.296,48 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 *GASTOS PERSOAL "FORMAWEB II"*

- **416,17 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 *SEGURIDADE SOCIAL "FORMAWEB II"*

- **OE VIGO CAPACITA V:**

- **9.130,73 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310011 *GASTOS PERSOAL "OE VIGO CAPACITA V"*

- **2.930,96 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600011 *SEGURIDADE SOCIAL "OE VIGO CAPACITA V"*

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto nos artigos 109.2 da LPAC e 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar, consonte á motivación anteriormente exposta, o erro advertido no cálculo das retribucións correspondentes á categoría de Técnicos e Xestores do "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007" incorporada como Anexo I do acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de febreiro de 2019, derivado do incremento do 2,25% en aplicación do Real Decreto-Ley 24/2018, do 21 de decembro, polo que cómpre a súa substitución pola táboa corrixida que se incorpora no Anexo I do presente acordo.

SEGUNDO: Aprobar o incremento salarial por importe total de 13.774,34 € derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **OE FORMAWEB II:**

- **1.296,48 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 *GASTOS PERSOAL "FORMAWEB II"*

- **416,17 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 *SEGURIDADE SOCIAL "FORMAWEB II"*

- **OE VIGO CAPACITA V:**

- **9.130,73 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310011 *GASTOS PERSOAL “OE VIGO CAPACITA V”*

- **2.930,96 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600011 *SEGURIDADE SOCIAL “OE VIGO CAPACITA V”*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(162).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL ADVERTIDO NO ACORDO DE APROBACIÓN DA MEMORIA A PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA PARA O ANO 2019. EXPTE. 16167/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/19, asinado pola pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Desenvolvemento Local, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA

I. A Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 31/01/2019, adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**”, que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2019, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **260.784,56 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.
- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.



Concello de Vigo

- Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

II. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, formúlase requirimento asinado o 18/02/2019 (Nº Expediente TR351F 2019/38-5) a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso reflectir correctamente o nome da Memoria achegada tal e como consta no Anexo I de dito acordo, **“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas no barrio de Navia”** e corrixir a táboa dos custos salariais reflectindo a columna co grupo de cotización, a porcentaxe correcta dos oficiais de condución e a denominación da categoría elixida de “peóns xardinaría”, corrixindo os importes totais da táboa dado que non lles coinciden por mor do redondeo, requirindo para axilización da tramitación do expediente, que reflectan os que indica en dito requirimento.

Dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal de data 29/01/2019, que consta no expediente, o expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Concellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para a financiación Memoria Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 109 da LPAC, polo que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos e de acordos, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Corrixir, de conformidade co artigo 109 da LPAC, os erros materiais, de feito ou aritméticos do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 31/01/2019 dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria asinado o 18/02/2019 (Nº Expediente TR351F 2019/38-5), debendo constar co seguinte tenor literal:

1.- Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, **“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas no barrio de Navia”**, que se achegou no anexo I do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria e urxente de data

31/01/2019, para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2019, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **261.500,94 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

ANEXO I:

Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018											
Grupo de cotización	Categoría	Posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	9 meses 75% Xornada
5	Capataz- Construción	1	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,62 €
8	Oficial albanel	3	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	29.299,86 €
	Oficial fontaneiro	1	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,62 €
	Of. xardinaria	2	900	150	1.050	1.050	84/g	34,70	364,35	1.414,35	19.093,68 €
	Of. conducción	2	900	150	1.050	1.050	84/f	37,80	396,90	1.446,90	19.533,24 €
10	Peón Xardinaria	8	900	150	1.050	1.050	84/g	34,70	364,35	1.414,35	76.374,72 €
	Peón construción	10	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	97.666,20 €
											261.500,94 €

27

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 2100000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 16,257,72 €
- 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO 3.902,58 €



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(163).- APROBACIÓN DA MEMORIA “VIGO ROBOTICS” A PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á MOCIDADE DURANTE O ANO 2019. EXPTE. 16321/77.

Visto o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta do 21/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Desenvolvemento Local, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 1 de febreiro de 2019, a consellería de Política Social vén de publicar “*A Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria.*”.

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona ata un máximo de 6.000 € os custos das iniciativas locais dirixidas á mocidade; tratarase de fomentar a realización de actividades de educación non formal e a participación xuvenil no ámbito local, especialmente aquelas actividades enmarcadas nas áreas prioritarias de actuación establecidas na orde e dirixidas ás persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, conforme a definición de persoas novas da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

A convocatoria ten as seguintes áreas de atención prioritaria:

- a) Iniciativa local emprendedora: proxectos relacionados co emprendemento e a empregabilidade dos mozos e mozas.
- b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación.
- c) Dinamización da información para a mocidade.
- d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da mocidade na súa comunidade e na súa contorna.
- e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade dos mozos e mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.
- f) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.
- g) Fomento da participación e o empoderamento das mulleres novas galegas.
- h) Conservación e posta en valor do ambiente e do patrimonio cultural e natural.
- i) Desenvolvemento e dinamización do medio rural.

j) Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías.

Nas bases da convocatoria se establece que o período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2019 e as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado.

É por isto que a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego ten elaborado unha memoria que se achega no anexo deste informe denominada “VIGO ROBOTICS” que consiste no desenvolvemento dun programa de educación non formal, promovendo o desenvolvemento de obradoiros, dirixidos a mozos e mozas de Vigo, de entre 14 e 20 anos, orientado ao desenvolvemento de habilidades e competencias no eido da robótica.

A elección desta área de coñecemento fundamentase no feito de que robótica, vinculada as competencias STEM, preséntase coma un dos ámbitos da tecnoloxía de maior importancia e expansión social, con mellores perspectivas de empregabilidade, no presente e no futuro, e con grande atractivo para os mozos e mozas.

O programa proposto resulta novidoso pola incorporación do enfoque “maker” no desenvolvemento dos obradoiros, incorporando os dous elementos claves da mesma:

- (1) pasar de coñecer e recordar a crear e construír, enfocándose no faino ti mesmo, o que permite aprender facendo.
- (2) aprender compartindo experiencias, aprender e ensinar en colaboración con outros.

Ambos elementos fan imprescindible que os participantes nos obradoiros se impliquen no seu proceso de aprendizaxe, adoptando un papel activo e cunha participación dinámica.

O proxecto concrétase no desenvolvemento dos obradoiros: (1) Fabricamos un robot? e (2) Programamos un robot?, coa finalidade de que, ao longo de un total de sete sesión, os mozos e mozas de Vigo, traballen en colaboración para construír e programar un robot.

Deste xeito, pódese concluír que a través do proxecto proposto abordaranse tres das áreas prioritarias recollidas pola convocatoria:

- Mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas.
- Fomentar actitudes creativas e innovadoras entre os mozos e mozas.
- Promover espazos para a comunicación e novas tecnoloxías.

No proxecto preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- Contribuír a difusión e implantación da cultura “maker” entre os mozos e mozas facéndoos partícipes dos múltiples beneficios e potencialidades da mesma.
- Estimular o interese e superar os prexuícios sobre robótica entre os mozos e mozas de xeito que a valoren coma un nicho de emprego accesible e con grandes posibilidades.
- Mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas dotándoos de competencias fortemente demandadas polo mercado de traballo actual.



Concello de Vigo

- Fomentar a participación dos mozos e mozas, converténdooos en verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe.
- Dotar aos mozos e mozas das competencias e habilidades propias para a creación dun robot.
- Dotar aos mozos e mozas das competencias e habilidades necesarias para a programación de un robot.
- Promover habilidades e actitudes esenciais entre os mozos e mozas, coma o pensamento crítico, a innovación, a análise e resolución de problemas, o respecto, a comunicación, entre outras, e que os preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e responsable que contribúe ao desenvolvemento socioeconómico da súa contorna.

O importe total do proxecto é de 6.405,37 €, o que supera en 405,37 € o importe da axuda solicitada que se realizarán contra as partidas seguintes:

- | | | |
|------------------------------|----------|--------------|
| • Persoal propio da entidade | 205,37 € | 2410 1200100 |
| • Seguros | 200,00 € | 2410 2240000 |

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a memoria "VIGO ROBOTICS" PROGRAMA DE FORMACIÓN EN ROBÓTICA E TIC'S PARA A MOCIDADE VIGUESA, que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións subvencións destinadas ás

entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019.

2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 6.000,00 € para o desenvolvemento da memoria aprobada.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento deste proxecto.
4. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

Memoria:

“VIGO ROBOTICS”

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN ROBÓTICA E TIC’S PARA A MOCIDADE VIGUESA

ÍNDICE

- DESCRIPCIÓN DO PROXECTO**
- OBXECTIVOS E PRIORIDADES**
- ÁMBITO TERRITORIAL**
- PERSOAS DESTINATARIAS**
- COMPOÑENTE EDUCATIVO E DE PARTICIPACIÓN XUVENIL DO PROXECTO**
- APLICABILIDADE, CONGRUENCIA CO ZONA DE INFLUENCIA E VIABILIDADE DA INICIATIVA**



Concello de Vigo

- ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER NO PROXECTO
- GASTOS PREVISTOS
- AVALIACIÓN DOS RESULTADOS
- VISIBILIDADE E DIFUSIÓN DO PROXECTO
- DESCRIBIÓN DO EMPREGO DA LINGUA GALEGA

1. DESCRIBIÓN DO PROXECTO.

O proxecto consiste no desenvolvemento dun programa de educación non formal, promovendo o desenvolvemento de talleres, dirixidos a mozos e mozas de Vigo, de entre 14 e 20 anos, orientado ao desenvolvemento de habilidades e competencias no eido da robótica.

A elección desta área de coñecemento fundamentase no feito de que robótica, vinculada as competencias STEM, preséntase coma un dos ámbitos da tecnoloxía de maior importancia e expansión social, con mellores perspectivas de empregabilidade, no presente e no futuro, e con grande atractivo para os mozos e mozas.

O programa proposto resulta novidoso pola incorporación do enfoque maker no desenvolvemento dos talleres, incorporando os dous elementos claves da mesma: (1) pasar de coñecer e recordar a crear e construír, enfocándose no faino ti mesmo, o que permite aprender facendo e (2) aprender compartindo experiencias, aprender e ensinar en colaboración con outros. Ambos elementos fan imprescindible que os participantes nos talleres se impliquen no seu proceso de aprendizaxe, adoptando un papel activo e cunha participación dinámica.

O proxecto concrétase no desenvolvemento dos talleres: (1) Fabricamos un robot? e (2) Programamos un robot?, coa finalidade de que, ao longo de un total de sete sesión, os mozos e mozas de Vigo, traballen en colaboración para construír e programar un robot.

Deste xeito, pódese concluír que a través do proxecto proposto abordaranse tres das áreas prioritarias recollidas pola convocatoria:

Mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas.

Fomentar actitudes creativas e innovadoras entre os mozos e mozas.

Promover espazos para a comunicación e novas tecnoloxías.

2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES.

A través do desenvolvemento do proxecto preténdense acadar os seguintes obxectivos:

Contribuír a difusión e implantación da cultura maker entre os mozos e mozas facéndoos participes dos múltiples beneficios e potencialidades da mesma.

Estimular o interese e superar os prexuícios sobre robótica entre os mozos e mozas de xeito que a valoren coma un nicho de emprego accesible e con grandes posibilidades.

Mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas dotándoos de competencias fortemente demandadas polo mercado de traballo actual.

Fomentar a participación dos mozos e mozas, converténdooos en verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe.

Dotar aos mozos e mozas das competencias e habilidades propias para a creación dun robot.

Dotar aos mozos e mozas das competencias e habilidades necesarias para a programación de un robot.

Promover habilidades e actitudes esenciais entre os mozos e mozas, coma o pensamento crítico, a innovación, a análise e resolución de problemas, o respecto, a comunicación, entre outras, e que os preparan para o exercicio dunha cidadanía activa e responsable que contribúe ao desenvolvemento socioeconómico da súa contorna.

3. ÁMBITO TERRITORIAL.

O proxecto desenvolverase no municipio de Vigo que integra, na súa área de influencia, con municipios moi relevantes, tanto dende o punto de vista da súa poboación coma polo seu tecido industrial e produtivo, tales coma Redondela, Mos, O Porriño e Nigrán.

Os talleres, concretamente, realizaranse no Centro Sociocomunitario Municipal Rios-Teis, antiga conserveira rehabilitada e acondicionada coma centro socio comunitario, localizada na parroquia viguesa de Teis. Esta parroquia é un referente dentro do municipio, sendo una das máis poboadas e na que se atopan relevantes empresas e una cantidade importante de centros educativos. Todas estas características convértena na localización mais axeitada para desenvolver o proxecto.

4. PERSOAS DESTINATARIAS.

As persoas destinatarias do proxecto son os mozos e mozas entre 14 e 20 anos do concello de Vigo. A elección deste intervalo de idade xustifícase polo feito de que nestas idades deben afrontarse decisións transcendentais con implicación para o futuro persoal e profesional dos mozos e mozas coma son a elección dos estudos ou a incorporación ao mundo laboral. A participación nos talleres propostos polo proxecto permitiralle os mozos e mozas tomar estas decisións de xeito informado e comprobado.

Aínda que os beneficiarios potenciais son todos os mozos e mozas do municipio de Vigo, cando a demanda de participación nos cursos sexa superior as prazas dispoñibles, a selección dos participantes definitivos farase de acordo a uns criterios que, atendendo os principios de igualdade e non discriminación, terán en conta a situación de vulnerabilidade dos demandantes de formación.

Os responsables do proxecto valorarán a posibilidade de manter unha entrevista cos participantes definitivos nos talleres de cara a comprobar a situación de vulnerabilidade e o seu grado de compromiso de participación e de aproveitamento dos talleres.

5. COMPOÑENTE EDUCATIVO E DE PARTICIPACIÓN XUVENIL DO PROXECTO.

O propio desenvolvemento dos talleres do proxecto conleva a integración do compoñente educativo e a participación xuvenil.



Concello de Vigo

A formación en robótica e programación proposta abórdase dende o enfoque da cultura maker o que implica, necesariamente, que os mozos e mozas que realizan os talleres son suxeitos activos na adquisición dos coñecementos, participando activamente no seu proceso de aprendizaxe. Apréndese facendo, compartindo e pondo en común co restos dos participantes dos talleres.

En canto o seu compoñente educativo cabe sinalar que, xunto as competencias propias da área de coñecemento da robótica e programación, o enfoque do proxecto permítelle aos mozos e mozas desenvolver outras competencias esenciais coma o pensamento crítico, a creatividade, a comunicación, o respecto e a solidariedade.

6. APLICABILIDADE, CONGRUENCIA COA ZONA DE INFLUENCIA E VIABILIDADE DA INICIATIVA.

Os coñecementos vinculados a robótica e a programación son claves no avance cara a industria 4.0 na que Vigo e a súa contorna son un importante referente a nivel mundial.

O feito é que importantes empresas do sector da automoción e do naval, do municipio e a súa contorna, demandan de xeito continuo traballadores coas competencias propias destas áreas de coñecemento pero tamén con habilidades como pensamento crítico, a innovación ou o traballo en equipo. A adquisición de ambas, competencias e habilidades, quedan garantidas na proposta de talleres de robótica e programación, con enfoque maker, proposto no proxecto.

Deste xeito, os mozos e mozas participantes nos talleres promovidos no presente proxecto contarán cunha avantaxe competitiva a hora de acceder ou mellorar a súa empregabilidade.

7. ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO.

O proxecto concrétase no desenvolvemento de dous talleres de formación en robótica empregando un enfoque maker. A continuación, descríbese de xeito mais detallado cada un deles.

ACTIVIDADE 1: REALIZACIÓN DO TALLER: CONSTRUÍMOS UN ROBOT?

Descrición do que se vai facer:

Os participantes neste taller construírán un robot a partir dun KIT de Compoñentes. Os participantes traballarán de forma conxunta na montaxe do robot, dando a posibilidade de que os participantes leven o seu propio KIT e constrúan o seu robot de xeito simultáneo.

Obxectivo:

O taller ten coma obxectivo que os participantes adquiran competencias e habilidades relacionadas coa construción dun robot, co enfoque aprender facendo e introducindo a cultura maker.

A participación no taller, *construímos un robot?*, permitiralle aos mozos e mozas:

- Asimilar conceptos básicos da electrónica e a mecánica, identificando os principais compoñentes.

- Recoñecer e saber empregar as ferramentas básicas a hora de querer construír unha máquina mecatrónica.
- Desenvolver o pensamento creativo.
- Traballar con orientación cara a resolución de retos e problemas.
- Aprender a traballar en equipo.

Lugar:

O taller desenvolverase no edificio do Centro Sociocomunitario Municipal Rios-Teis localizada na parroquia de Teis do Concello de Vigo.

Persoas destinatarias:

As persoas destinatarias son os mozos e mozas do Concello de Vigo de entre 14 e 20 anos.

O número de participantes por taller será 12, considerando este número máis axeitado para o óptimo desenvolvemento, acorde o enfoque proposto, así como ao seu aproveitamento. Cabe sinalar, e tal coma xa se apuntou nun apartado anterior, no caso de que o número de mozas e mozas que desexen participa no taller sexa superior a 12, aplicaranse uns criterios de selección nos que se terán en conta a situación de vulnerabilidade do demandante.

Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade:

Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento desta actividade serán tanto propios coma externos.

O persoal propio asumirá tarefas vinculadas a difusión, o control, xestión e coordinación do proxecto así coma a comunicación e resposta a requirimentos por parte da Consellería de Política Social en relación co proxecto subvencionado.

O persoal externo levará a cabo as tarefas máis propiamente relacionadas coa impartición do taller, participando así mesmo na elaboración da memoria de xustificación do proxecto e subministrando a información que lle sexa requirida polo goberno local en relación cos talleres desenvolvidos.

En canto os recursos materiais necesarios para a realización do taller cabe destacar o kit de compoñentes preciso para a construción do robot.

Tarefas de planificación e execución

O taller comprenderá a realización das seguintes tarefas de planificación e coordinación:

- Difusión entre os potenciais destinatarios do desenvolvemento do taller.
- Selección dos participantes definitivos no taller.
- Seguimento e control da realización do taller de acordo aos obxectivos e requirimentos previstos.



Concello de Vigo

- Difusión do proxecto, cumprindo os requisitos da convocatoria.

Datas

O taller está previsto que se desenvolva entre o 6 de abril e o 4 de maio de 2019.

A duración total será de 12 horas, distribuídas en catro sesións, que se realizarán os sábados de mañá, co obxectivo de non interferir no horario lectivo dos potenciais destinatarios do proxecto.

ACTIVIDADE 2: PROGRAMAMOS UN ROBOT?

Descrición do que se vai facer:

Os participantes neste taller programarán un robot a partir de un KIT de programación ARDUINO ou equivalente (hardware libre). Os participantes traballarán de forma conxunta na programación do robot, dando a posibilidade de que os participantes leven o seu propio KIT e programen o seu robot de xeito simultáneo.

Obxectivo:

O taller ten coma obxectivo que os participantes adquiran competencias e habilidades relacionadas coa programación dun robot, co enfoque aprender facendo e introducindo a cultura maker.

A participación no taller, programamos un robot?, permitiralle aos mozos e mozas:

- Coñecer e por en práctica as principais características en o entorno de programación de Arduino.
- Aprender os fundamentos de programación con Arduino
- Desenvolver o pensamento creativo.
- Traballar con orientación cara a resolución de retos e problemas.
- Aprender a traballar en equipo.

Lugar:

O taller desenvolverase no Centro Sociocomunitario municipal de Rios-Teis localizada na parroquia de Teis do Concello de Vigo.

Persoas destinatarias:

As persoas destinatarias son os mozos e mozas do Concello de Vigo de entre 14 e 20 anos.

O número de participantes por taller será 12, considerando este número máis axeitado para o óptimo desenvolvemento, acorde o enfoque proposto, así como ao seu aproveitamento.

Cabe sinalar, e tal coma xa se apuntou nun apartado anterior, no caso de que o número de mozas e mozas que desexen participa no taller sexa superior a 12, aplicaranse uns criterios de selección nos que se terán en conta a situación de vulnerabilidade do demandante.

Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade:

Os recursos humanos precisos para o desenvolvemento desta actividade serán tanto propios coma externos.

O persoal propio asumirá tarefas vinculadas a difusión, o control, xestión e coordinación do proxecto así coma a comunicación e resposta a requirimentos por parte da Consellería de Política Social en relación co proxecto subvencionado.

O persoal externo levará a cabo as tarefas máis propiamente relacionadas coa impartición do taller, participando así mesmo na elaboración da memoria de xustificación do proxecto e subministrando a información que lle sexa requirida polo goberno local en relación cos talleres desenvolvidos.

En canto os recursos materiais necesarios para a realización do taller cabe destacar o kit de compoñentes preciso para a programación do robot.

Tarefas de planificación e execución

O taller comprenderá as realización das seguintes tarefas de planificación e coordinación:

- Difusión entre os potenciais destinatarios do desenvolvemento do taller.
- Selección dos participantes definitivos no taller.
- Seguimento e control da realización do taller de acordo aos obxectivos e requirimentos previstos.
- Difusión do proxecto, cumprindo os requisitos da convocatoria.

Datas

O taller está previsto que se desenvolva entre o 25 de maio e o 15 de xuño de 2019.

A duración total será de 12 horas, distribuídas en catro sesións, que se realizarán os sábados de mañá, co obxectivo de non interferir no horario lectivo dos potenciais destinatarios do proxecto.

8. GASTOS PREVISTOS.



Concello de Vigo

CONCEPTO	IMPORTE
Adquisición de bens non inventariables	500,00 €
Kit de robot educativo	500,00 €
Alugamento de espazos e equipamento (máximo 40 %)	0,00 €
Viaxes ou traslados Manutención (máximo 10 %)	0,00 €
Aloxamento	0,00 €
Gastos de persoal propio da entidade	205,37 €
Coordinación	205,37 €
Gastos de persoal externo	5.500,00 €
Docente curso Montamos un robot?	3.500,00 €
Docente curso Progamamos un robot?	2.000,00 €
Publicidade, materiais de difusión e publicacións	0,00 €
Premios e obsequios (máximo 10 %)	0,00 €
Seguros	200,00 €
Gastos ordinarios de funcionamento (máximo 5 %)	0,00 €
Outros gastos:	
TOTAL ORZAMENTO DO PROXECTO	6.405,37 €

9. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

O proxecto contará con un sistema de seguimento e avaliación que permitirá levar a cabo un control tanto da efectiva realización das actividades previstas así coma dos resultados acadados.

Este sistema estará integrado por un conxunto de indicadores que permitirán dar conta tanto de aspectos cuantitativos como cualitativos do desenvolvemento do proxecto. Establécense dous tipos de indicadores, orientándose cada un deles a facilitar información sobre aspectos concretos:

- (1) indicadores de realización, a información facilitada por estes indicadores permitirán levar un control da efectiva realización das actividades contempladas polo proxecto así coma dos requirimentos establecidos.
- (2) Indicadores de resultado, a información facilitada por estes indicadores permitirán dar conta polos resultados acadados polo proxecto.

Os datos que se recollan no sistema de indicadores procederá de fontes variadas, tales coma: a información dos profesionais que impartan o taller, o cuestionario de avaliación subministrado aos participantes ou as dinámicas de grupo organizadas cos participantes nos talleres.

Os resultados desta avaliación recolleranse nun informe de seguimento e avaliación que resultará clave para dar continuidade e abordar novos proxectos desta tipoloxía, contando coas leccións aprendidas.

10. VISIBILIDADE E DIFUSIÓN DO PROXECTO.

O proxecto será dado a coñecer a través de diversos canais e medios para garantir que a difusión dos mesmo chega o maior número de destinatarios.

Contémplanse, dentro desta difusión:

- A publicación na web do Goberno Local.
- O envío de notas de prensa.
- O envío de información a centros escolares de secundaria, bacharelato e graos.
- O envío de información a asociación xuvenís, inscritas no rexistro municipal de asociacións.

11. DESCRICIÓN DO EMPREGO DA LINGUA GALEGA

Todas as actividades programadas no marco deste proxecto está previsto que se desenvolvan en lingua galega. Os responsables do proxecto prestarán especial atención a que todos os materiais formativos, de publicidade e difusión, así como os informes de seguimento e avaliación do proxecto empreguen o galego.

13(164).- NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE SUBALTERNO CORRESPONDENTE Á OEP 2016, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.A) DO EDL 5/2015 (TREBEP), PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 33292/220.

Visto o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta do 15/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 08/04/2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2016 (expte. 27580/220), publicada no BOP 27/04/2016 e no DOG 06/05/2016. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 02/12/2016, adoptou acordo de modificación da oferta de emprego público 2016 (expdte. 28960/220), publicada no BOP 22/12/2016 e no DOG 28/12/2016 integrado por, entre outras, catro prazas vacantes como Subalterno.

2.- Con data 14/12/2018, a Xefa de Subalternos, coa conformidade da Xefa da área de réxime interior, remite oficio manifestando a necesidade dun/dunha subalterno/a para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.



Concello de Vigo

3.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 09/01/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible, a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local de nomeamento interino da referida praza vacante de subalerno/a incluída na oferta de emprego público 2016, previsto no artigo 10.1.a). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/04/2016 e modificación posterior na sesión de 02/12/2016, publicadas no BOP de 27/04/2016 e no DOG 06/05/2016 e no BOP 22/12/2016 e no DOG 28/12/2016 respectivamente.

4.- Con data 13/02/2019, emítese polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, constando expresamente que “No servizo cód. 201-Consixería, aplicación orzamentaria 920.0 do vixente orzamento, existe praza e conseguinte posto vacante de subalerno/a, toda vez que tal e como consta na solicitude de petición do Servizo a mesma produciuse pola renuncia voluntaria en data 14/10/2018, dunha subalterna nomeada en idénticas condicións (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/03/18, expte. 31376/220), polo que é evidente que dito posto atópase vacante. En consecuencia, existe neste Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*



Concello de Vigo

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual a citada praza xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 08/04/2016.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza Porteiro), adscrito a Conserxería, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da Xefa de Subalternos solicitando a cobertura da vacante, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto con cargo á praza vacante incluída na oferta de emprego público 2016 (polo período 01/03/2019-31/12/2019), supón un gasto de **18.186,35 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **5.902,20 €** en concepto de Seguridade social a cargo da empresa.

O custo de dito nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0 do orzamento do exercicio económico 2019, partidas 120.05.00 (soldo base), 121.00.05 (complemento de destino, 121.01.05 (complemento específico e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno/a, de D^a. Eva Pérez Bande con DNI ***21*65* de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo á praza vacante de subalterno/a correspondente á oferta de emprego público 2016 segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder á provisión interina dunha praza de subalterno/a con cargo a vacante incluída na OEP 2016, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por **18.186,35 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **5.902,20 €** en concepto de Seguridade social a cargo da empresa.

O custo de dito nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0 do orzamento do exercicio económico 2019, partidas 120.05.00 (soldo base), 121.00.05 (complemento de destino, 121.01.05 (complemento específico e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a con cargo á praza vacante de subalterno/a, a D^a. Eva Pérez Bande con DNI ***21*65*, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do proceso selectivo, competitivo e público incluído na oferta de emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de goberno local na súa sesión de 08/04/2016 e modificación posterior na sesión de 02/12/2016, publicadas no BOP de 27/04/2016 e no DOG 06/05/2016 e no BOP 22/12/2016 e no DOG 28/12/2016 respectivamente; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, a Xefa da Área de Réxime Interior, á Xefa de subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(165).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOCE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E UN AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 33411/220.

Visto o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta do 20/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- Con data 27/12/2018, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, doce oficiais de instalacións municipais e dun/dunha auxiliar de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.
- 2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 29/01/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de doce oficiais de instalacións municipais e dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.



Concello de Vigo

3.- Con data 15/02/2019, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer

grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial instalacións municipais e posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.



Concello de Vigo

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 27/12/2018 do Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 29/01/2019, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de doce oficiais de instalacións municipais e dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Servizo de Deportes, supón un gasto de **156.982,62 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **56.758,24 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

IV. V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial de instalacións municipais e de Auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de instalacións de: D. Borja Argibay Cusí, con DNI 3*1*5**9*, D. Manuel Rodríguez González, con DNI 36**1*5**, D^a Noelia Freitas Rodríguez, con DNI *6*04**4*, D. Alberto Lago Rey, con DNI 3*1*77***, D. Tomás Sanromán González, con DNI *607***0*, D. Alejandro López Costas, con DNI 5*8***81*, D. Miguel Ángel Alonso Fontaíña, con DNI *6**6*56*, D. Daniel López Davila, con DNI **1*4*71*, D. Alejandro Vigo Bao, con DNI 5*19*988*, D. Ezequiel Amor Villar, con DNI 5*1**1*6*, D. Joshua Lago López, con DNI **8*83*0* e D. Pablo Díaz Álvarez, con DNI 36**4**3*
- e, como Auxiliar de administración xeral de D^a Noelia Carballeira Fernández, con DNI **7*81*2*,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”.

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da



Concello de Vigo

Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de trece funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións municipais** e como **auxiliar de administración xeral** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Deportes, contidas no escrito do 27/12/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **156.982,62 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais de instalacións de: D. Borja Argibay Cusí, con DNI 3*1*5**9*, D. Manuel Rodríguez González, con DNI 36**1*5**, D^a Noelia Freitas Rodríguez, con DNI *6*04**4*, D. Alberto Lago Rey, con DNI 3*1*77***, D. Tomás Sanromán González, con DNI *607***0*, D. Alejandro López Costas, con DNI 5*8***81*, D. Miguel Ángel Alonso Fontaíña, con DNI *6**6*56*, D. Daniel López Davila, con DNI **1*4*71*, D. Alejandro Vigo Bao, con DNI 5*19*988*, D. Ezequiel Amor Villar, con DNI 5*1**1*6*, D. Joshua Lago López, con DNI **8*83*0* e D. Pablo Díaz Álvarez, con DNI 36**4**3* e, como Auxiliar de administración xeral de D^a Noelia Carballeira Fernández, con DNI **7*81*2*, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficial instalacións municipais e posto cód. 138-auxiliar), sendo adscritos/as ao Servizo de Deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo

da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Director Técnico de Deportes, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(166).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DE RECURSO DE ALZADA PRESENTADO EN RELACIÓN COA PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DEZ PRAZAS DE BOMBEIRO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016. EXPTE. 33525/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade de dez prazas de bombeiro incluídas na oferta de emprego público 2014-2015-2016, de data 11/02/19, que di o seguinte:

Don Carlos Pérez Ramos presenta unha solicitude no rexistro electrónico do Concello de Vigo en data 15 de xaneiro de 2019 como solicitante (cod. solicitude : W320697-7444) cumprimentando todos os seus datos e sinalando para efectos de notificación, o seu enderezo profesional nun despacho de avogados, e o seu correo electrónico. No solicita manifesta *“Se adjunta recurso de alzada interpuesto por don Jacobo Álvarez. La persona física que remite electronicamente el presente recurso se limita a presentarlo, sin asumir ningún tipo de representación”*.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 21 de marzo de 2018 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.



Concello de Vigo

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 10 prazas de bombeiro, subgrupo C2 de titulación, polo sistema de oposición libre.

Segundo.- En data 3 de decembro de 2018 realizouse no Parque Central de Bombeiros de Teis, sito na rúa Ángel de Lema y Marina a proba de acceso a coche escaleira incluída na segunda parte do segundo exercicio da oposición.

Terceiro.- Nesa mesma data publicáronse as puntuacións do segundo exercicio da oposición, (probas de aptitude física). Contra o acordo do órgano de selección sobre realización da proba de acceso a coche escaleira don Jacobo Álvarez Moreira presenta alegacións en datas 4/12/2018 e 5/12/2018 (doc 180193816 e doc 180194613) que foron resoltas por acordo do órgano de selección en sesión de data 11 de decembro de 2018, publicando este acordo en data 20 de decembro de 2018.

Cuarto.- De conformidade coa base décimo sétima das xerais, contra os acordos de resolución de reclamacións do órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Solicitante e presentador da solicitude.

D. Carlos Pérez Ramos presentou unha solicitude no rexistro electrónico, identificándose como persoa física e anexando un escrito de 4 folios (e 9 máis de proba documental) denominado “recurso de alzada”, encabezado cos datos persoais de D. Jacobo Álvarez Moreira, cunha sinatura manuscrita escaneada.

A solicitude de D. Carlos Pérez Ramos contén o seguinte texto: *“Se adjunta recurso de alzada interpuesto por don Jacobo Álvarez. La persona física que remite electrónicamente el presente recurso se limita a presentarlo, sin asumir ningún tipo de representación”.*

Segunda. Identificación e firma.

O solicitante optou por relacionarse con esta administración a través de medios electrónicos, presentando a súa solicitude no rexistro electrónico do Concello de Vigo, indicando o seu enderezo profesional nun despacho de avogado e o seu correo electrónico.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que de conformidade co artigo 9 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións (en adiante, Lei 39/2015)

“1. Las Administraciones Públicas están obligadas a verificar la identidad de los interesados en el procedimiento administrativo, mediante la comprobación de su nombre y apellidos o denominación o razón social, según corresponda, que consten en el Documento Nacional de Identidad o documento identificativo equivalente.

2. Los interesados podrán identificarse electrónicamente ante las Administraciones Públicas a través de cualquier sistema que cuente con un registro previo como usuario que permita garantizar su identidad.”

No caso, verifícase a identidade do solicitante, don Carlos Pérez Ramos, que se identifica electrónicamente ante o Concello de Vigo, xa que segundo dispón o artigo 10 Lei 39/2015 *“Cuando los interesados utilicen un sistema de firma de los previstos en este artículo, su identidad se entenderá ya acreditada mediante el propio acto de la firma.”*

Sen embargo, non pode verificarse a identidade de quen aparece no documento anexo á solicitude, xa que dito documento, denominado como recurso de alzada, non está validamente asinado por canto non pode considerarse válida unha firma escaneada neste documento toda vez que non se pode verificar a súa autenticidade. Ao ser presentado electronicamente tería que ser firmado conforme se recolle nos artigos 9 e 10 da Lei 39/2015 aos que nos estamos a referir. Así o artigo 10 dispón *“1. Los interesados podrán firmar a través de cualquier medio que permita acreditar la autenticidad de la expresión de su voluntad y consentimiento, así como la integridad e inalterabilidad del documento.”*

A firma electrónica permite á administración comprobar que o asinante electrónico é quen di ser e que a súa vontade é a plasmada no documento electrónico. Unicamente está asinada a primeira folia da solicitude presentada por D. Carlos Pérez Ramos, pero non a documentación escaneada que se xunta, sen que poida admitirse como medio de identificación e firma o escaneo dunha firma manual. O documento escaneado carece de firma electrónica e das necesarias garantías de integridade e autenticidade, polo que non pode considerarse válido.

Segundo a STS do 03/11/1997 a sintura representa a *“muestra de la inmediatez y de la voluntariedad de la acción y el otorgamiento”*. Igualmente, a STS do 08/02/1999 sinalaba que *«de todos es sabido que uno de los requisitos más importantes de todo documento (quizás el más importante) es el de su firma o firmas por ser el que refrenda y da validez a su autenticidad. Si faltan las firmas del documento carece de validez y si son falsas deviene también inocuo por simulado»*.

En definitiva, a finalidade da firma é identificar ao seu autor e aprobar unha declaración de vontade, constituíndo unha proba de dita autoría e declaración. Polo tanto, resulta que a firma representa a vinculación do asinante co documento firmado.

A non utilización dos sistemas de sinatura admitidos, que regula o artigo 10 da Lei 39/2015, impide acreditar a autenticidade da expresión da vontade de D. Jacobo Álvarez Moreira e o seu consentimento, sendo a interposición de recursos un dos supostos nos que atendendo ao disposto no artigo 11.2 da LPA, se require o uso obrigatorio de firma.

Terceira.- Lexitimación e representación.

O artigo 116 da Lei 39/2015 recolle como causa de inadmisión dos recursos, carecer de lexitimación o recorrente. Isto é, que o recorrente non teña a condición de interesado no procedemento, polo tanto o recurso administrativo non será admitido cando quen o formula non é interesado .

Constatada que a presentación da solicitude se realiza por unha persoa que non é interesada no procedemento de concorrencia competitiva, cómpre analizar o tema da representación. Establece o artigo 5 da Lei 39/2015 que:

“1. Los interesados con capacidad de obrar podrán actuar por medio de representante, entendiéndose con éste las actuaciones administrativas, salvo manifestación expresa en contra del interesado.



Concello de Vigo

2. Las personas físicas con capacidad de obrar y las personas jurídicas, siempre que ello esté previsto en sus Estatutos, podrán actuar en representación de otras ante las Administraciones Públicas.

3. Para formular solicitudes, presentar declaraciones responsables o comunicaciones, interponer recursos, desistir de acciones y renunciar a derechos en nombre de otra persona, deberá acreditarse la representación. Para los actos y gestiones de mero trámite se presumirá aquella representación.

4. La representación podrá acreditarse mediante cualquier medio válido en Derecho que deje constancia fidedigna de su existencia.

A estos efectos, se entenderá acreditada la representación realizada mediante apoderamiento apud acta efectuado por comparecencia personal o comparecencia electrónica en la correspondiente sede electrónica, o a través de la acreditación de su inscripción en el registro electrónico de apoderamientos de la Administración Pública competente.

5. El órgano competente para la tramitación del procedimiento deberá incorporar al expediente administrativo acreditación de la condición de representante y de los poderes que tiene reconocidos en dicho momento. El documento electrónico que acredite el resultado de la consulta al registro electrónico de apoderamientos correspondiente tendrá la condición de acreditación a estos efectos.

Conforme ao citado artigo a interposición dun recurso é un dos supostos nos que se esixe a acreditación da representación, polo que a mesma non pode presumirse como ocorre cos actos de mero trámite, podendo acreditarse esta por calquera medio válido en dereito e sendo imperativo que desta acreditación da representación quede constancia no expediente.

O apartado 6 deste artigo, dispón que “La falta o insuficiente acreditación de la representación no impedirá que se tenga por realizado el acto de que se trate, siempre que se aporte aquélla o se subsane el defecto dentro del plazo de diez días que deberá conceder al efecto el órgano administrativo, o de un plazo superior cuando las circunstancias del caso así lo requieran.”

En base ao exposto, resultaría procedente requirir a subsanación deste defecto de falta de acreditación da representación de conformidade con este apartado de estimarse que esta representación existe, é que a mesma non foi aportada no acto de presentación do recurso. Sen embargo, no presente suposto a persoa que actúa como presentador e asina coa súa sinatura dixital a solicitude manifesta expresamente: “La persona física que remite electronicamente el presente recurso se limita a presentarlo, sin asumir ningún tipo de representación” Polo tanto, a vista do manifestado, non procede realizar o dito requirimento xa que o que resulta acreditado é que a representación non existe.

Por outra parte, o requirimento ao que se refire o artigo 5.6 ten uns límites. Neste caso, aínda que o interesado no proceso selectivo para 10 prazas de bombeiro, ratifícase a actuación do presentador do recurso coma realizada polo seu representante, esta ratificación non podería ter eficacia retroactiva xa que, os prazos de presentación de recursos son prazos preclusivos, máxime tendo en conta que nos atopamos nun procedemento de concorrencia competitiva no que a eficacia retroactiva de dita ratificación ocasionaría prexuízos a terceiros participantes no proceso.

Cuarta.- Determinada xa a inadmisión do escrito presentado pola motivación anteriormente exposta, e a efectos aclaratorios, cómpre sinalar que don Jacobo Álvarez Moreira coñece como pode relacionarse con este Concello e presentar reclamacións contra os acordos do proceso selectivo, por canto xa presentou no Rexistro do Concello de Vigo escritos de reclamación en datas 4/12/2018 e 5/12/2018 (doc 180193816 e doc 180194613) alegando practicamente as mesmas cuestións que se recollen no escrito anexado ao presentado por Carlos Pérez Ramos. Se ben non procede entrar a resolver este escrito, compre sinalar que o órgano de selección xa se pronunciou sobre as alegacións presentadas por don Jacobo Álvarez Moreira nos escritos antes referidos acordando en sesión de 11 de decembro de 2018 que *“O órgano de selección estima que o exercicio estivo mal executado dende o principio sen que caiba botarlle a culpa ao sistema de seguridade. En ascenso, o sistema de seguridade non se bloquea, cando o opositor chegou ao final da escaleira tíñase contabilizado un tempo por riba da metade do tempo establecido para a execución total da proba, observándose que no ascenso o aspirante detívose en varias ocasións, polo que dificilmente podería completar o exercicio en tempo, xa que nesta proba o descenso é moito máis lento que o ascenso. As condicións de execución foron iguais para todos os aspirantes, e todos completaron o exercicio salvo o alegante que superou notablemente o tempo de execución, 22 segundos por riba do tempo fixado. En base ao exposto desestímase esta alegación.”*

No escrito que achega don Carlos Pérez Ramos se sigue insistindo en achacar a non superación do exercicio ao dispositivo de seguridade. O dispositivo ASAP garante a seguridade dos opositores de forma autónoma, polo que en ningún caso pode atribuírse ao sistema de seguridade o resultado da proba. O sistema bloquease canto detecta un tirón, *“debido a un movemento rápido hacia abajo”*, porque esta é a súa función. Si o descenso se realiza de forma continuada non se bloquea, no seu caso hai que desbloquealo para continuar. O presidente do órgano de selección explicou a todos os aspirantes, un por un, o funcionamento do ASAP, como se bloquea e como se desbloquea, e así mesmo, indicouse a todos e cada un, que aproveitasen o ascenso, xa que o descenso é máis lento. Cuestións estas que xa teñen que ser coñecidas por quen aspira a superar esta proba. A línea de vida retense ao finalizar o exercicio o segundo aspirante, Juan Abeijón Ares, polo tanto, antes de que o iniciase o alegante.

Por outra parte, non ten sentido remitirse aos tempos da oposición de condutor bombeiro, xa que para esta oposición as base fixan tempos máis altos para as probas físicas, non obstante, compre sinalar que na oposición de condutor- bombeiro os opositores realizaron a proba de acceso acoche escaleira nun tempo inferior a 3 minutos.

Os membros do órgano de selección, estiveron presentes e prestando a debida atención durante a execución do exercicio, polo que non necesitan de testemuñas, nin vídeos para valorar a execución desta proba, e coa excepción da secretaria, son profesionais expertos nesta materia, polo que non precisan da asistencia de peritos.

En todo caso, as condicións de realización do exercicio foron as mesmas para todos os opositores.

Quinta.- En conclusión, o recurso en cuestión non foi validamente interposto por canto non poder verificarse a identidade do interesado lexitimado nin queda acreditada a expresión da



Concello de Vigo

súa vontade e o seu consentimento o que conleva, xunto coa falta de representación, a súa inadmisión.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2014, 2015, e 2016 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 60 do 26 de marzo de 2018.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Inadmitir o recurso de alzada pola fundamentación recollida nas consideracións xurídicas primeira, segunda e terceira, e en canto ao fondo indicar que o recurso tería sido desestimado de conformidade coa fundamentación da consideración xurídica cuarta deste acordo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(167).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2350/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/02/19 e o informe de fiscalización de data 21/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 25 de xaneiro, a través do Rexistro Xeral, a Fundación Laxeiro presentou solicitude de transferencia de financiamento para programa de actividades e funcionamento no exercicio 2019, asinada polo Secretario Xeral da Fundación.

Con data 6 de febreiro o Secretario Xeral da Fundación Laxeiro, D. Carlos Aniceto García Suárez Otero, presenta a través do rexistro electrónico escrito de ratificación da solicitude anterior (de data 25 de xaneiro) xunto coa escritura de apoderamento outorgada pola Fundación Laxeiro a favor de D. Carlos García Suárez Otero de data 17 de novembro de 2006.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Laxeiro xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2018 por importe de 80.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 15 de febreiro de 2018 (expte 2101/341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 2 de maio de 2016, 6 de marzo de 2017 e tamén 7 de febreiro de 2018.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2019:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Laxeiro é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Laxeiro reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2019 ten previsto financiarse nun 66,56 % polo Concello de Vigo, nun 12,48% pola Xunta de Galicia e nun 9,98% pola Deputación de Pontevedra; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, 2017 e 2018, tamén aplicables a 2019, son:



Concello de Vigo

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Laxeiro debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Marco): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016, 15 de xaneiro de 2018 e 16 de xaneiro de 2019 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello, en relación ás transferencias de financiamento da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (doc 190007151), sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados nos expedientes de transferencia de financiamento, que se realizarán por parte desa Intervención Xeral, condicionaban o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de novas transferencias, ou ben se deberíamos esperar a que nos comunicades os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2019 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte, no mesmo sentido que o fixera para os exercicios anteriores: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que estas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2019 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Laxeiro; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio subscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:

- O Concello de Vigo e a familia Laxeiro comprométense e obríganse a constituír a Fundación Laxeiro, que terá como obxecto o de promocionar, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza relacionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.
- “As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).
- A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.
- O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2019 non establecen ningunha normativa á que deberan suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Laxeiro non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado o calendario de exercicio anterior: *unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, polo 50% do importe concedido; unha segunda achega antes do 31 de maio de 2019, polo 25% do importe concedido; unha terceira achega, antes do 27 de setembro de 2019, polo 25% do importe concedido*.

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- a) *“De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*



Concello de Vigo

- b) *De tres a cinco membros designados por D^a María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- c) *Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- d) *Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- e) *Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- f) *Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- g) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- h) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- María Cruz Otero Villamarín (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello: 4).- Cayetano Rodríguez Escudero, Antón Castro Fernández, Román Pereiro Alonso, Antón Pulido Novoa. Nomeamento: acordo da XGL do 20/07/2015

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, Guillermo Martínez Castro. Nomeamentos 23/02/1999.

Representante do Concello de Lalín.- D. Nicolás María González Casares. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 29/07/2015.

Representante da Xunta de Galicia.- D. Román Rodríguez González. Documento da Consellería de Cultura de data 17/02/2015. Vogal Suplente: Anxo Manuel Lorenzo Suárez (por compadecencia ante o Protectorado 19/09/18

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Resolución da Presidencia do 04/11/2015.

Vogal, presenza en Madrid.- Vacante. Na pasada reunión do 22 de xaneiro de 2019, aprobouse que D. Guillermo Martínez Castro, pasara do grupo b a vogal con presenza en Madrid e nomear vogal do grupo B a D. Xosé María Barreiro Gómez

Vogal, presenza en Bruxelas.- Vacante. Na pasada reunión do 22 de xaneiro de 2019, aprobouse o nomeamento de D. Xavier Vázquez Álvarez

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Laxeiro ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2019:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 80.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 25 de xaneiro de 2019.
- Programa de actividades e Presupostos da Fundación Laxeiro para o ano 2019, aprobado na sesión do Padroado de 22 de xaneiro.
- Certificado de seguro das obras con Helvetia por valor convido de 1.942.400 €

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2019 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2019, aprobada en reunión do seu Padroado do 22 de xaneiro de 2019, que ascende a un total de 120.200,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Persoal: 81.000,00 € (67,39%)
- Gastos administración 9.000,00 € (7,49%)
- Gastos programación exposicións: 26.00,00 € (21,63%)
(colección permanente e "Laxeiro e Seoane...")
- Gastos activ. didácticas/outros: 4.200,00 € (3,49%)
(actividades didácticas, premio Laxeiro e expertización)



Concello de Vigo

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (66,56 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,48%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (9,98%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 13.200,00 (10,98%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Laxeiro víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a través do propio acordo de concesión, que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes do Secretario da Administración xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de 80.000 € (oitenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2019, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 40.000 € (50% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 31 de maio de 2019, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 27 de setembro de 2019, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2019 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da utilización parcial da Casa das Artes, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, actividades didácticas, expertización e catalogación de obra..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 22 de xaneiro de 2019.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 22 de xaneiro de 2019 ascende a 120.200,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (66,56 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,48%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (9,98%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 13.200,00 (10,98%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.



Concello de Vigo

3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

- 1.
2. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
3. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan financiáveis.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación



Concello de Vigo

Laxeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral

queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(168).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE XANEIRO DE 2019. EXPTE. 2368/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **XANEIRO**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2335/341. Informe sobre capacidade de carga en elementos estruturais de Casa das Artes. Exposición Silverio Rivas. ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.L. RCM 3355.	14/01/19	3.357,75 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2344/341. Servizo de traslados internos de materiais en Casa das Artes. JOSÉ MANUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ. RCM 7891.	25/01/19	2.613,60 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6577/337. Contratación dos servizos de desmontaxe, embalaxe e transporte asegurado da exposición "A nova colección Colmeiro". MARÍA BARRIEGO HERNÁNDEZ. RCM 7883.	25/01/19	2.001,83 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6538/337. Elaboración de informe de valor económico dunha obra mural atribuída a Luis Seoane. CONSULTARTE&RESTAURARTE, S.L. RCM 2504.	07/01/19	302,50 €



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(169).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA ÁREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”. EXPTE. 4124/443.

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/19, dáse conta do informe-proposta do 18/02/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 24.09.18, resolveu autorizar o gasto para para redacción de “Proxecto de reparacións de filtracións de auga no teito da planta baixa da Área de Tributos e renovación de maquinaria de climatización” a favor do Arquitecto Técnico D.Carlos Urdampilleta Barreiro (36042815K).

II.- O Arquitecto técnico D.Carlos Urdampilleta Barreiro, trala fase supervisión do borrador, presenta proxecto de “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN ”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS), de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13/02/2019.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 13.02.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrolase no teito da planta baixa e na mesma planta na Área de tributos do Edificio do Concello , sito na Praza do rei s/n, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

- Previamente se procederá o desmonte da maquinaria y equipo de climatización existente, así como desmonte das escaleiras e retirada da terra vexetal existente nas xardineiras. Levantado de soleira existente, e retirada de escombros a vertedeiro.
- Formación de soleira de 15 cm., de formigón armado, impermeabilizada con nova formación de pendentes. Execución de novas baixantes, e reposición das existentes ata a conexión con arquetas de sotos, coa correspondente. No formación de petos verticais no frente das zonas da planta 1ª a base de acabados tipo sate ou similar con illamento incorporado, y paneis fenólicos no peto das xardineiras.
- Corte do peto existente para a recolocación das escaleiras, retirada de carpintería da planta baixa y portas de acceso a terraza.

- Nova instalación de maquina de climatización cos seus elementos auxiliares correspondentes, recolocación dos condutos e instalación de luminarias tanto na parte da terraza, como no teito da area de tributos.
- Nova colocación de escaleiras mecánicas de evacuación, carpinteira exterior en planta baixa y porta de acceso, y falso teito de escaiola na area de tributos, así como zona de céspede artificial como elemento integrador y absorbente. na terraza exterior

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 5 meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 15.02.2019 informe, indicando o seguinte:

“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”**, redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS) de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13/02/2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(170).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO “PROXECTO PARA A MELLORA DA REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA (TRAMO TABOADA LEAL – MARQUÉS DE ALCEDO)”-PLAN INVERSIÓNS AQUALIA. EXPTE. 5323/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/02/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 5 de febreiro de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de renovación da rede de abastecemento e saneamento na Rúa Venezuela; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 5 de febreiro de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 08 de febreiro de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.”.

IV.- Segundo consta no informe subscrito polos enxeñeiros municipais de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños con data 22 de febreiro de 2018, analizada a configuración da rede de saneamento e abastecemento da rúa Venezuela, e analizadas as afeccións que dita actuación supón sobre o tráfico, así como as molestias sobre os veciños e dotacións colindantes, por operatividade considerouse necesario abordar a actuación nos seguintes catro treitos, que determináronse a partir da configuración da rede actual e os seus elementos de manobra:

- Rúa Venezuela, entre Taboada e Leal e Joaquín Loriga.
- Rúa Venezuela, entre Joaquín Loriga e Gran Vía.
- Rúa Venezuela, entre Gran Vía e Vázquez Varela.
- Rúa Venezuela, entre Marqués de Alcedo e Taboada e Leal.

V.- Con data 2 de xaneiro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en diante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Taboada Leal – Marqués de Alcedo), cun presuposto de 512.924,81 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VI.- Con esta mesma data a Concesionaria presentou o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 29.965,93 euros, IVE excluído, que foron informados



Concello de Vigo

favorablemente, en data 4 de febreiro de 2019, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VII.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2019 se acordou a a Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras de **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA (TRAMO TABOADA LEAL – MARQUÉS DE ALCEDO)”**, por un importe total de 512.924,81 euros (IVE excluído). Con data 14 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar os custes asociados ao mesmo por un importe de 29.965,93 euros con exclusión do IVE

VIII.- En data 1 de febreiro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.323/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 431.029,25 €
- Presuposto de contrata: 512.924,81 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Grupo E, Subgrupo1, Categoría 4.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM Gestión de seguridad en construcción S.L

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA (TRAMO TABOADA LEAL – MARQUÉS DE ALCEDO)”**, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(171).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”.EXPTE.222/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/02/19 e o informe de fiscalización de data 20/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/19, asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L., en execución de contrato menor de servizos para redacción de proxecto de pavimentación da Rúa Urzaiz, presenta logo da supervisión do borrador, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid.

2.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28.01.19, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.01.2019 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL CINCO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (150.005,71 €), de data xuño de 2018 e con data da sinatura dixital de 28 de xaneiro de 2019. (Expte. 4114-443).

3.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 (“Conservación de vías e espazos publ”).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4114-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 31.01.2019, que se corresponde co expediente administrativo 4114-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, asinado dixitalmente en data 28 de xaneiro de 2019.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en datas 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2019 respectivamente.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 1 de febreiro de 2019.



Concello de Vigo

- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 4 de febreiro de 2019.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 5 de febreiro de 2019.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 7 de febreiro de 2019.
- g) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 7 de febreiro de 2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.01.2019).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ**” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA MIL CINCO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (150.005,71 €), de data xuño de 2018 e con data da sinatura dixital de 28 de xaneiro de 2019.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 07.02.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CENTO CINCUENTA MIL CINCO EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS” (150.005,71 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 26.034,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria “1532.210.00.00 (“Conservación de vías e espazos publ”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(172).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS-AREAL)”. EXPTE. 4126/443.

Visto o informe de fiscalización de data 26/02/19, dáse conta do informe-proposta do 21/02/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo e concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Por parte da Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Municipal redáctase proxecto de RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS – AREAL), cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €) e data febreiro de 2019.

No citado proxecto expónse que *“O Concello de Vigo, está a realizar, no ámbito das súas competencias, unha serie de actuacións en espazos públicos urbanos. Entre outros, está a levarse a cabo o acondicionamento de viarios e edificacións de interese público da cidade que supoñen unha clara aposta pola mellora ambiental, de eficiencia enerxética promoción cultural e da calidade de vida en xeral impulsando a posta en valor do patrimonio local.*



Concello de Vigo

A renovación do pavimento do Túnel de Beiramar prosegue esta liña de actuacións de mellora urbana. Actualmente, a capa de rodaxe presenta unha deterioración considerable que xustifica a necesidade de levar a cabo unha renovación da mesma que repercuta positivamente nos máximos usuarios posibles.”

II.- A actuación desenrólase no túnel de Beiramar entre o Berbés e a rúa Areal, e consisten as obras a executar as que se enumeran a continuación:

- Fresado da capa de rodadura do vial, medida nos testigos realizados como de 5 cm de espesor e que mostra un esgotamento xeneralizado, e substitución da mesma por unha capa de aglomerado asfáltico AC22 surf 50/70 D (antiga D-20).
- Previo barrido efectuaranse as novas capas de firmes a base de emulsión termoadhernte C60B3 ter, mezcla bituminosa en quente tipo AC16 surf 50/70 D, con un espesor de 5cm, estendido e compactado por medios mecánicos. E posterior acabado coas correspondentes pinturas de sinalización e balizamento.
- Mellora da rede de drenaxe a base de posta a cota da rede de sumidoiros e recalces de tapas de rexistros na calzada mediante execución de marco de formigón HM-20, e recalces na tapas.
- Reposición de aforador de espiras, de acordo coa normativa do responsable do servizo

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

III.- Á vista do proxecto redactado, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 15 de febreiro de 2019, resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 19.02.2019 informe, indicando o seguinte:

“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS – AREAL)**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €), data febreiro de 2019 e sinatura dixital de 19 de febreiro de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

22(173).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE INCORPORACIÓN DE PREZOS CONTRADITORIOS AO CADRO DE PREZOS CONTRACTUAIS DO CONTRATO DO “SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe xurídico do 21/02/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 11/02/19, asinado polo xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 07.11.2014, acordou, entre outros:

*“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a **contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250)** por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade.”*

Segundo.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18.10.2018 acordou autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo de un ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

Terceiro.- En data 10.12.2018 os Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos municipal/ Directores técnicos do contrato de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo informan o seguinte:

“Das inspeccións realizadas no viario municipal, tanto polos inspectores do Servizo de Vías e Obras como polos técnicos que subscriben e pola contrata de mantemento, foron detectadas necesidades de mantemento de vias que supoñen materiais e unidades de obra que non figuran contemplados nos Anexos I e II do prego de prescricións técnicas particulares (P.P.T.P.), de aplicación durante a execución do contrato, polo que se presenta a Addenda nº4 que recollen os cadros de prezos nº1 e nº2 e a xustificación de prezos destes novos prezos contradictorios propostos que nacen das inspeccións realizadas.

As principais necesidades detectadas no viario municipal son, entre outras, a adecuación dos sistemas de drenaxe transversal nas vías de alta capacidade de titularidade municipal, como son os túneles de Beiramar, accesos á cidade e outras

rúas da rede de primeira orde. Tamén se actualizan os prezos para dar cabida a actuacións de reforzo estrutural con inclusión de micropilotes e anclaxes para levar a cabo actuacións necesarias como a estabilización de taludes no acceso a Punta Lagoa, denominada Travesía do Espiñeiro, estes prezos tamén son necesarios para o reforzo e mellora da estabilidade na Praza América (...)

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12 de decembro de 2018 acordou autorizar o inicio do expediente de incorporación de prezos contraditorios nos Anexos I e II de prezos de aplicación no contrato do “SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”, sen modificación orzamentaria do mesmo, adxudicado á empresa Civisglobal S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, para incluír materiais e unidades de obra non previstos inicialmente nos Anexos do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o antedito contrato.

Quinto.- En data 22/01/2019, a empresa adxudicataria, en trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade aos prezos contraditorios propostos na Addenda nº4.

Sexto.- En data 06.06.2019, a Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos municipal e o Director Técnico de Contrato/ Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, emiten informe técnico ao respecto indicando o seguinte:

“...Os prezos que se propoñen foron confeccionados cos prezos elementais que figuran nos Anexos I e II do P.P.T.P. do Contrato. Para os prezos elementais que non figuran en ditos Anexos, foron utilizados prezos actuais de mercado.

De conformidade co establecido no Art. 234 do T.R.L.C.S.P., de aplicación neste contrato de acordo coa disposición transitoria segunda, punto 2, da LCSP 9/2017, en vigor, foi concedido trámite de audiencia ao contratista. Obra no expediente a súa conformidade aos prezos que agora se propoñen..”

Fundamentos Xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE e 2014/24UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria 1º que nos contratos administrativos iniciados antes da entrada en vigor da mesma, rexeranse en canto aos seus efectos, cumprimentos e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior, é dicir, polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).

II.- O obxecto do contrato consiste na prestación dos “servizos de acondicionamento, arranxo, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo” (apartado 2.A das FEC do PCAP). Tal e como se establece na cláusula 2 do PCAP trátase



Concello de Vigo

dun contrato mixto, por conter prestacións correspondentes a contratos de servizos (categoría 1 do Anexo II “Servizos de mantemento e reparación”) e de obras.

III.- No Anexo I e II do Prego de Prescricións Técnicas inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e a xustificación dos mesmos.

IV.- Tal e como se desprende dos informes emitidos pola dirección técnica do contrato, trátase da necesidade de realización de actuacións que inclúen materiais e unidades de obra que, sendo necesarios executar, non figuran contemplados nos Anexos do citado prego.

No propio Prego de Prescricións Técnicas recóllese expresamente no apartado 5 do PPT parágrafo 2 que: *“os prezos unitarios de traballos que fora necesario realizar e non estivesen previstos no cadro de prezos fixaranse de forma contraditoria de conformidade co previsto no art. 234.2 do TRLCSP, tomando como base os prezos elementais de maquinaria e man de obra utilizados para conformar os prezos unitarios contractuais e que figuran así mesmo no cadro de prezos. Se os traballos realizados no foran obxecto de descomposición aplicaranse os prezos elementais citados que procedan pola natureza dos mesmos, previa aprobación polo responsable do Contrato”.*

V.- No art. 234.2 do TRLCSP relativa á modificación do contrato de obras sinálase que as modificacións que supoñan a introdución de unidades novas nos previstas no proxecto ou que difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que houberse fixado ao executalas directamente.

Neste caso, nos informes da dirección técnica do contrato sinálase o feito de que detectouse que para a execución do contrato son necesarios materiais e unidades de obra que non figuran contemplados nos anexos I e II do PPT que inclúen os cadros de prezos de aplicación ó contrato. Sen que dita modificación supoña variación do prezo total do contrato.

Tamén se sinala nos citados informes que os prezos que se propoñen para as novas unidades foron confeccionados en base aos prezos elementais que figuran nos anexos I e II do PPT do contrato e para os prezos elementais que non figuran en ditos anexos utilizáronse prezos de mercado.

VI.- De conformidade co establecido no artigo 234 do TRLCSP, foi concedido trámite de audiencia ó contratista, obrando no expediente a súa conformidade aos prezos que agora se propoñen. (Trámite 814)

VII.- Respecto a competencia, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación conforme ao previsto da Disposición Adicional 2ª, parágrafo 3º do TRLCSP, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal.

Á vista das anteriores circunstancias, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a incorporación de prezos contraditorios que se propoñen na Addenda nº4 aos Anexos I e II de prezos de aplicación no contrato de “Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo”, sen variación do prezo do contrato, adxudicado á empresa Civisglobal S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.11.2014, para incluír materiais e unidades de obra non previstos inicialmente nos Anexos I e II do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexe o antedito contrato.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao adxudicatario.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(174).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE CO CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL NO ANO 2019. EXPTE. 8765/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe xurídico do 04/02/19, e o informe de fiscalización de data 19/02/19, dáse conta do informe-proposta do 18/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2019.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos/as máis novos/as e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.



Concello de Vigo

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 24.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano 2019. Esta subvención cun importe de 24.500 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellaría de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.

CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, Don Eduardo Pérez Valverde con D.N.I. 35973375 H, como presidenta da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF G36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización infantil-xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento



Concello de Vigo

habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8765/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, esta e o Concello de Vigo, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil proposto e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento programa de Dinamización Infantil e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 13 anos, no inmoble ubicado no Colexio A Paz de Tintureira de Coruxo, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada. En vacacións escolares o horario será de 9:30 a 13:30 h.

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada do programa de Dinamización Infantil. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 24.500,00 € pola organización e desenvolvemento do programa Dinamización Infantil durante o ano 2019, destinada a nenos e nenas de 6 a 13 anos que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e en vacacións escolares en horario de mañán. A aplicación presupostaria será con cargo á partida 3370.489.00.04 "Subvención do programa de Dinamización Infantil de Coruxo" do orzamento do ano 2019.

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

TERCEIRO.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.250 €) e outro do 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha



Concello de Vigo

vez rematada a actividade, que abraccarán dende o 17 de novembro do ano 2018 ata o 16 de novembro do presente ano.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

QUINTO.-Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

SÉTIMO.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo do Concello de Vigo.

OITAVO.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

NOVENO.- A Asociación Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e **antes do 16 de novembro do presente ano.**

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

- a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- c) Manifestación doutros ingresos ou subvecións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.

Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento.

Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi



Concello de Vigo

obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

DÉCIMO.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá coforme á lei 9/2007 de subvencións de Galicia:

- Acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e)
- Presentar declaración responsable acreditativa de non incorrer nas circunstancias sinaladas no artigo 34.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 17 de novembro de 2018 e 16 de novembro de 2019

DÉCIMO SEGUNDO.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO CUARTO.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo

incumprimento dara lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTO.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMO.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo

O ALCALDE

Presidente do CRAC de Coruxo

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo: D. Eduardo Pérez Valverde

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO



Concello de Vigo

RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 24.500 € a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF: G36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.250 € correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(175).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 8752/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe xurídico do 21/02/19, e o informe de fiscalización de data 22/02/19, dáse conta do informe-proposta do 21/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área (RA 11/02/19), que di o seguinte:

Con data 04 de decembro de 2018 dende a Concelleira de Xuventude xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato maior para a xestión dos campamentos de verán dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento de la participación infantil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.

O día 11 de febreiro 2019 incorpórase a memoria xustificativa e o Prego de Prescricións Técnicas. O 12 de febreiro incorpórase o PCAP así como o informe de contratación .

O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación ordinaria con división en lotes.

As características máis destacadas do contrato son as seguintes:

Para a execución deste contrato establece os seguintes LOTES:

LOTE 1:VERÁN NAÚTICO I.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08, 19-30/08, (3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c.u / 50 participantes = 200 participantes.

LOTE 2:VERÁN NAÚTICO II.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08, 10/08-30/08(3

quendas de 10 días e 1 de 8 días c.u / 80 participantes = 320 participantes

LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08, 19/08-30/08 3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c.u / 50 participantes = 200 participantes.

LOTE 4: VERÁN NA PRAIA I.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08, 10/08-30/08 (3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c.u) /50 participantes = 200 participantes.

LOTE 5: VERÁN NA PRAIA II.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08, 19/08-30/08(3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c.u) /50 participantes = 200 participantes.

LOTE 6: VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08 .- (2 quendas/ 10 días e 1 de 8 días/ 65 participantes= 195 participantes.

LOTE 7: VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS.- 1/07-12/07, 15/07-24/07, 29/07-09/08 (2 quendas de 10 días e 1 de 8 días / 65 participantes= 195 participantes.

LOTE 8: VERÁN CON TEMÁTICAS PRE- MULTIDEPORATIVAS.- 1/07-12/07, 15/07-26/07, 29/07-09/08 (2 quendas de 10 días e 1 de 8 días 65 participantes= 195 participantes.

LOTE 9: VERÁN EN INGLÉS.- 01/08-14/08, 19/08-30/08 (2 quendas de 10 días /50 participantes). Totals = 100 participantes.

LOTE 10: CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO.- 24/06-28/06, 01/07-05/07, 08/07-12/07 (3 quendas de 5 días c.u /52 participantes). Total 3 quendas= 156 participantes.

–ORZAMENTO BASE LIITACIÓN: 228.542,12 €euros.

–VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 1.038.828 euros.

–ANALIDAD CON IVE ANO 2019: : 228.542,12 euros.

–PARTIDA PRESUPOSTARIA: 3370.2279912

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar o gasto de 1.038.828 euros, correspondente ao valor estimado do contrato, calculado descontando o IVE ao orzamento base de licitación e para todo o periodo do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais así como as prórrogas, para a cotratación da xestión dos campamentos de verán. O orzamento para o ano 22019 será de 228.542,12 euros, que se imputará á partida presupostaria 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación , coa seguinte distribución presupostaria nos seguintes LOTES:



Concello de Vigo

LOTES	EUROS
1	23 23.126,45 €
2	33.943,00 €
3	23.126,45 €
4	21.866,04 €
5	21.866,04 €
6	17.656,00 €
7	17.656,00 €
8	17.656,00 €
9	11.596,40 €
10	40.051,24 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión dos Campamentos de Verán para o presente ano de data 12 de febreiro de 2019 , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo e a Memoria xustificativa do contratode, data 11 de febreiro de 2019.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(176).- SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO “BIBLIOTECA VIVENTE” (ORDEN 28/12/2018 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA). EXPTE. 8792/336.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe xurídico do 22/02/19, e o informe de fiscalización de data 26/02/19, dáse conta do informe-proposta do 22/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con motivo da convocatoria (**Orde do 28 de decembro de 2018. Xunta de Galicia**) pola que se aprobaron as **bases de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2019**; promovidas dende a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia; preséntase proposta para solicitar subvención co proxecto denominado **“Biblioteca Viviente”**

Este proxecto tenta favorecer toda unha serie de actitudes positivas que procuren o desenvolvemento integral dos e das xovenes como cidadáns de pleno dereito, recurrido a un extenso abano de actividades que poidan chegar a transmitir e concienciar a este colectivo da necesidade e importancia que pode ter no seu futuro a toma de decisións adecuadas, cara sobre todo a previr consumos aditivos que incidan negativamente na súa vida persoal e familiar.

Así o presente proxecto ten por obxecto o desenvolvemento de **Bibliotecas Viventes (BV)**, no que os libros serán persoas que pola súa traxectoria de vida, poidan chegar a transmitir valores. Centraremos as Bibliotecas Viventes en experiencias de vida vinculadas coa integración e adquisición de hábitos saudables, a través do diálogo con persoas que contan cun bagaxe persoal ou profesional nesta materia e posúen coñecementos ligados á integración social.

A través destes libros vivos chegaremos ao alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato, que polas súas idades, son o público obxectivo para traballar a prevención de hábitos nocivos.

Obxectivos.

- a) Favorecer a adquisición de hábitos de vida saudables e alternativos a través da lectura e o diálogo interxeneracional.
- b) Fomentar o gusto pola lectura como unha alternativa de ocio e de lecer.
- d) Favorecer a integración social do colectivo mozo a través de accións lúdicas baseadas no diálogo e o contacto interxeneracional.
- e) Achegar o coñecemento ás persoas novas dun xeito ameno, directo e participativo.
- f) Estimular a curiosidade convidando a indagar e descubrir novos aspectos sobre un tema proposto dende a propia experiencia e os intereses particulares.
- g) Axudar a combater o descoñecemento, a ignorancia, os prexucios e os estereotipos dun xeito activo e cunha metodoloxía vivenciada e participativa.
- i) Aprender a estimar o valor intrínseco da experiencia vivida a través do contacto e o diálogo coa xeración máis veterana.

En consecuencia, propónse á **Xunta de Goberno Local**:

“1. Aprobar a solicitude de subvención que se achega e cúa proposta denominase “Biblioteca Viviente”, á Xunta de Galicia para ser presentada na “Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2019” da **Consellería de Política Social** da Xunta de Galicia (Orde do 28 de decembro de 2018) por un importe total: 5.126€ (**cinco mil cento vinteseis euros**)”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(177).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO GARCÍA BARBÓN". EXPTE. 172/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 26/02/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 26/02/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do colexio García Barbón” (172-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	93,13
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 18 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 22 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de febreiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Concello de Vigo

licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 31 de xaneiro e 5 de febreiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do colexio García Barbón” (172-441) por un prezo total de 144.156,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.018,83 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(178).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020”, APROBADO POLO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, E PROPOSTA DE APROBACIÓN “PROXECTO REFORZO DE FIRME NA AVDA. SANTA MARINA (DO Nº 104 ATA O Nº 204)”. EXPTE. 6029/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 28/02/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Mediante resolución do 28.12.2018 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais 2019- 2020”, dirixidas ao fomento de actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais dos Concellos de Galicia. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes.

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións máximas. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 73.827,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 36.913,50 € na anualidade do 2019 e 36.913,50 € en 2020.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de "REFORZO FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)".

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do cartel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no punto quinto do anexo III da Resolución do 28 de decembro de 2018, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

II.- O procedemento a seguir será o seguinte:

- Presentación da solicitude do Concello de Vigo ante AGADER, acompañada da documentación que figura no artigo 7 "Documentación que teñen que presentar as entidades solicitantes" das Normas para a xestión do procedemento de concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020:

"Xunto co formulario normalizado de solicitude (anexo IV), os concellos interesados deberán achegar a seguinte documentación:

a) Proxecto de obra, nos termos previstos no artigo 4.3.a) destas normas.

b) Certificación expedida pola persoa titular da Secretaría da entidade local, acreditativa dos seguintes aspectos:

1º. Da designación legal do representante da entidade solicitante.

2º. Do acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.



Concello de Vigo

3º. *Da titularidade municipal dos camiños.*

c) Certificación da persoa titular da Secretaría ou da Intervención municipal acreditativa de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude da axuda.

d) Informe do/da técnico/a municipal competente, onde se indique:

1º. Intervencións realizadas en cada unha das actuacións propostas no proxecto nos últimos 5 anos, sinalarase, de ser o caso, a natureza das obras, ano e procedencia dos fondos financiadores das citadas intervencións.

2º. Se para executar as obras resulta necesaria a dispoñibilidade de terreos privados lindeiros coas actuacións propostas. En caso afirmativo, xunto con este informe deberán remitirse os documentos acreditativos das cesións ou autorizacións das persoas propietarias dos terreos afectados.”

- Solicitude por parte do Concello de Vigo a AGADER de levantamento de Acta de non inicio da obra previamente á aprobación da solicitude realizada.
- Notificación ao Concello de Vigo de que a actuación pode ser incluída no PLAN.

III.- Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D.Jerónimo Centron Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (135.981,58 €) e data febreiro de 2016 e sinatura dixital de data 26/02/2019.

Dito proxecto prevé as seguintes actuacións:

- Desbroce e limpeza de vexetación, de 100m² distribuídos ao longo da actuación, limpeza de cunetas en 1.214,89m de lonxitude. O varrido do firme na superficie total da actuación.
- Fresado de espesor 5cm en 1.200m² ao longo da actuación e corte de pavimento nos encontros con outros camiños e no resto de encontros como nos vados e accesos ou puntos donde é necesario conservar a cota existente.
- Procederese á regulación da superficie da capa de rodaxe e posterior aplicación do rego de adherencia e firme en quente tipo AC16surfD nunha superficie de 7.200,00m². Logo desta actuación, será necesaria a posta en rasante das tapas dos pozos existentes, das que se contabilizaron 36,00 unidades. Como último paso, reporanse as marcas viarias afectadas coa actuación.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 1 mes

IV.- A estrada denominada Avda. Santa Marina é de titularidade municipal, polo que dispónse da totalidade dos terreos para a execución das obras. Non se require de ocupación de terreos adicionais, para a execución dos traballos previstos, fora do ámbito da propia vía.

V.- Os prezos das unidades de obra son os que figuran no cadro de prezos vixentes do SEAGA, que cumpren co establecido nas normas para a xestión do procedemento de concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 e polo establecido na resolución de data 28 de decembro de 2018.

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 94.438,21 euros, e aplicándolle a porcentaxe do 13 % en concepto de gastos xerais e do 6 % en concepto de beneficio industrial, resulta a cantidade de 112.381,47 euros, cantidade superior en 38.554,47€ á asignación máxima da axuda para o Concello de Vigo.

Aplicando a dito importe o porcentaxe do 21 % en concepto de IVE, resulta a cantidade de 23.600,11 euros en concepto de IVE, ascendendo o orzamento base de licitación a un total de 135.981,58 euros.

Polo tanto, a porcentaxe susceptible de asignación con cargo ao PLAN respecto ao orzamento do proxecto "REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)" é dun 65,69%, cun restante 34,31% que será financiado polo Concello de Vigo con cargo a fondos propios da Concellería de Fomento , na partida orzamentaria 1532.210.0000 (CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL).

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 27.02.2019 informe indicando o seguinte:

"A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, Planos, Orzamento, prego de condicións técnicas y Estudio de seguridade e saúde."



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Designar ao Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, D. Jerónimo Centrón Castaños, con D.N.I. 36.100.978-V, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas para a concesión directa, mediante resolución, previstas para este Concello no “Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, aprobado por resolución do 28 de decembro de 2018 polo Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural”.

SEGUNDO.- Aprobado a participación do Concello de Vigo no “Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, aprobado por resolución o 28 de decembro de 2018 polo Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural”.

TERCEIRO.- Aprobado o proxecto de “REFORZO DE FIRME NA AVENIDA SANTA MARINA (do nº104 ata o nº204)”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA E CINCO MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS con CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (135.981,58 €) e data febreiro de 2016 e sinatura dixital de data 26/02/2019.

CUARTO.- Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(179).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez